

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 06 de marzo de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e vinte minutos do día 06 de marzo do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36162.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026.

2.36163.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026. (EXPTE. 2025080637)

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión e ao fomento da cultura galega e á normalización social da lingua galega, pretende promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos no seu termo municipal realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.



O 12 de decembro de 2025, a Presidencia ordena a elaboración dunha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026, e solicítaselle ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

O 4 de febreiro de 2026, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe do programa indicado, con CSV: E1JXSVD85HA9VZM9, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 16 de febreiro de 2026, a área de Secretaría emite informe, con CSV: QR5BAWVP474SWTVH, sobre as bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026.

O 19 de febreiro de 2026, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: R1VY32IL9DF6H6EX, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 26/334.3340.462.04 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 12026000038674, por importe de 150.000,00 €.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG)
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS)
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (150.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2026, que figuran co CSV: E1JXSVD85HA9VZM9, e que se achegan a continuación:

“BASES DE SUBVENCIONES DIRIGIDAS AOS CONCELLOS PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026 (PROCEDIMENTO SLA 2329331)

A dinamización lingüística enténdese como o proceso de promoción da lingua galega, que se leva a cabo mediante accións ou actividades (culturais, de sensibilización lingüística, formación e outras). Así, a través desta convocatoria preténdese incrementar o uso do galego en toda a sociedade e, neste caso en particular, na provincia de Pontevedra, para atender deste xeito a demanda que ano tras ano manteñen os concellos da nosa provincia en favor da promoción e defensa da nosa lingua.



A Deputación de Pontevedra, e concretamente o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, ten no seu ámbito legal de atribucións a finalidade de promover a coordinación en materia de dinamización e normalización lingüística.

Unha fórmula idónea para conseguir ese fin é desenvolver, nas administracións locais, liñas de actuación e medidas para aumentar a efectividade das accións dinamizadoras dirixidas á sociedade, por tratárense das organizacións administrativas máis próximas e que máis directamente lle transmiten a acción pública á cidadanía. Xa que logo, esta actuación permite aplicar medidas de intervención directa na presenza social da lingua de xeito uniforme, atendendo á poboación e ao territorio, ademais de favorecer a planificación individualizada para cada zona, segundo as súas particularidades sociolingüísticas.

Deste xeito, a Deputación, mediante esta liña de axudas, activa desde o ano 2017, subvenciónalles aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes actuacións encamiñadas a potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa Constitución española, establécese que “a lingua propia de Galicia é o galego” e que “os poderes públicos de Galicia garantirán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.”

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma.” No seu artigo 4.1 establécese tamén que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” Así mesmo, no seu artigo 25 figura que “o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

Ademais, no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, recóllese, en relación coas administracións locais, que “é necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados, así como incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas.”

En consecuencia, e dadas as competencias expostas, existe interese en darlle continuidade á política pública de promoción, fomento e difusión, a través desta convocatoria de subvención, de actividades de dinamización da lingua galega co fin de potenciar o seu uso no ámbito socioeconómico nos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes:



BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o seu uso no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia con repercusión social, que organicen os concellos de menos de 50.000 habitantes no seu termo municipal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Segunda. Finalidade

A Deputación de Pontevedra, a través da convocatoria desta liña de axudas, pretende continuar esta colaboración cos concellos da nosa provincia para realizar actividades de dinamización da lingua galega que contribúan á promoción do seu uso, á mellora do seu prestixio e á súa dinamización social.

Terceira. Réxime xurídico aplicable

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade. En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, unha vez teñan coñecemento da súa existencia e sempre antes de xustificar os fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

Cuarta. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €).

A axuda para realizar actividades de dinamización da lingua dirixidas aos concellos non poderá superar o 75 % do orzamento presentado para levalas a cabo.

Esta asignación contempla o establecido no artigo 7.c da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Quinta. Entidades beneficiarias

Poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2025.

Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concurra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.



Sexta. Actividades subvencionables

Serán subvencionables os proxectos presentados para as accións sinaladas a continuación que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026:

- a. Fomento do uso e prestixio da lingua galega a través de programas de normalización e dinamización lingüística:*
 - *Certames literarios e xornalísticos que promovan a creación en lingua galega nos rangos de idade onde o galego ten menos uso e prestixio.*
 - *Actividades de creación que permitan asociar a lingua galega a valores positivos: modernidade, lecer, novas tecnoloxías ou videoxogos.*
 - *Proxectos de creación artística nos ámbitos do audiovisual, dos pódcast, dos videoxogos, da música e da banda deseñada, especialmente dirixidos á infancia e á mocidade.*
 - *Xornadas e eventos que promovan a creación en lingua galega.*
- b. Sociolingüística e toponimia:*
 - *Estudos e publicacións sobre sociolingüística.*
 - *Xornadas e publicacións de recuperación da toponimia.*
- c. Fomento do emprego do galego no comercio e na industria.*
- d. Campañas para a dinamización, o uso e o prestixio da lingua galega no ámbito comercial e socioeconómico.*
- e. Recoñecementos e distincións:*
 - *Accións que recoñezan o labor de persoas ou colectivos que transmitan valores positivos asociados á lingua galega a través do seu uso e defensa.*
- f. Fomento do emprego do idioma galego en:*
 - *Actividades de captación de neofalantes.*
 - *Actividades de dinamización e normalización que fomenten o seu emprego activo e a socialización nesta lingua e que a asocien con valores positivos (modernidade, prestixio, lecer, diversión), especialmente dirixidas á infancia e á mocidade.*

Os proxectos obxecto de subvención poderán consistir nunha actividade, nun programa concreto, en actividades dun programa concreto ou cun mesmo fío condutor, e estarán asinados pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades realizadas ao longo de todo o ano, senón unicamente unha delas ou un programa concreto, do que se terá que indicar o lugar e as datas de realización.

Calquera escrito, publicación, comunicación ou programa deberá seguir as normas da Real Academia Galega e non se admitirán textos noutras variantes normativas; así mesmo, no caso de empregar símbolos de Galicia, estes deberán ser conformes coa Lei 5/1984, de 29 de maio, de símbolos de Galicia.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 249, de 30 de decembro de 2016, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada, resulten estritamente necesarios, estean vinculados á edición do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

- 1. Infraestruturas e espazos para o programa ou evento:*
 - 1. Gastos polo alugueiro de auditorios e/ou salas.*
 - 2. Gastos polo alugueiro de proxección, son e/ou iluminación.*
- 2. Contratación de servizos técnicos e profesionais:*
 - 1. Gastos de contratación de persoal técnico para a instalación temporal e o manexo dos mencionados equipos.*
 - 2. Gastos de contratación de servizos profesionais para o desenvolvemento do evento.*



3. *Edición de publicacións:*
 1. *Gastos de edición do catálogo e dos folletos de programación do evento.*
4. *Comunicación e prensa:*
 1. *Gastos de contratación específica de axentes de prensa e de comunicación.*
 2. *Gastos de materiais para os medios de comunicación.*
5. *Publicidade e difusión:*
 1. *Gastos de campañas publicitarias.*
 2. *Gastos de carteis e material de promoción.*
6. *Grupos, artistas e compañías:*
 1. *Cachés dos grupos, artistas e compañías.*
 2. *Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con destino a España e, no seu caso, regreso á orixe (en clase turista, económica ou similar).*
 3. *Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con orixe e destino dentro de España (en clase turista, económica ou similar).*
 4. *Gastos de aloxamento e manutención das e dos convidados.*
7. *Outros gastos non recollidos nos apartados anteriores e relacionados directamente co proxecto.*

Sétima. Actividades non subvencionables

Exclúense desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención:

- *As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación.*
- *Os gastos de funcionamento dos concellos, os gastos correntes, os gastos bancarios, os gastos de persoal do propio concello e as actividades xerais que se realicen ao longo de todo o ano.*
- *As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares.*
- *Os gastos de alimentos e bebidas, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento.*
- *As actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas ou animais.*
- *As actividades lúdicas, de ocio e de carácter deportivo.*
- *Calquera actividade que xere ingresos pola venda do produto obxecto da subvención no resultado do seu orzamento.*
- *As gravacións de discos e material sonoro, agás aqueles proxectos enfocados exclusivamente no fomento do uso do idioma galego.*
- *As actividades de posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos).*
- *Os festivais musicais, en calquera das súas manifestacións, as mostras de teatro, os cantos de taberna, os encontros e certames culturais.*
- *Os certames e actividades de posta en valor da pintura, escultura, arquitectura e banda deseñada.*
- *Os proxectos de creación artística nos ámbitos do audiovisual, dos pódcast, dos videoxogos, da música e da banda deseñada, especialmente dirixida á infancia e á mocidade, e as actividades cuxas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego, conforme á nosa norma oficial.*
- *As publicacións e edicións que non utilicen o galego e a imaxe corporativa, conforme á nosa norma oficial.*
- *Os almanaques e as axendas anuais.*



Oitava. Lugar e forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP. Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décima. Documentación

Cada Concello pode presentar a esta convocatoria unha única solicitude, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar.

Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- *Memoria explicativa profusamente detallada, asinada pola persoa representante e redactada en galego, da actividade obxecto da subvención, na que se indique de forma clara e veraz o expresado no seguinte punto, seguindo a orde dos criterios establecidos na base décimo terceira da convocatoria, para que estes poidan ser valorados pola Comisión de Valoración.*
- *A memoria deberá conter, nesta orde, os seguintes datos:*
 - *Nome do proxecto.*
 - *Lugar e data de realización.*
 - *Número e descrición das actividades e accións a favor da lingua dentro do programa subvencionable.*
 - *Obxectivos e metodoloxía.*
 - *Persoas beneficiarias e ámbitos prioritarios ou estratéxicos para a normalización lingüística aos que se dirixe: socioeconómico, educativo, familia, mocidade ou lecer.*
 - *Actividades formativas e divulgativas realizadas anteriormente pola asociación en materia de dinamización e normalización lingüística.*
 - *Programas en rede ou en colaboración con outras entidades.*
 - *Número de edicións do programa.*

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os concellos interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa



reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo segunda. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva e para a súa adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

Puntos que se distribúen: 250

1. *Calidade e contido técnico da proposta, ata 35 puntos.*
 - 1.1. *Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata 15 puntos.*
 - 1.2. *Metodoloxía e calendario previstos, ata 10 puntos.*
 - 1.3. *Carácter innovador do proxecto, ata 10 puntos.*
2. *Orzamento total da actividade, ata 75 puntos:*

≤ 500	3 puntos		$> 500 \leq 800$	4 puntos
$> 800 \leq 1.200$	5 puntos		$> 1.200 \leq 1.500$	6 puntos
$> 1.500 \leq 1.800$	7 puntos		$> 1.800 \leq 2.000$	8 puntos
$> 2.000 \leq 2.500$	10 puntos		$> 2.500 \leq 3.000$	12 puntos
$> 3.000 \leq 3.500$	15 puntos		$> 3.500 \leq 4.000$	20 puntos
$> 4.000 \leq 4.500$	25 puntos		$> 4.500 \leq 5.000$	30 puntos
$> 5.000 \leq 6.000$	35 puntos		$> 6.000 \leq 7.000$	40 puntos
$> 7.000 \leq 8.000$	50 puntos		$> 8.000 \leq 10.000$	60 puntos
$> 10.000 \leq 12.500$	70 puntos		> 12.500	75 puntos



3. Porcentaxe solicitada de financiamento, ata 25 puntos:

$\leq 25 \%$	25 puntos		$>25 \% \leq 35 \%$	20 puntos
$>35 \% \leq 45 \%$	15 puntos		$>45 \% \leq 55 \%$	10 puntos
$>55 \% \leq 65 \%$	5 puntos		$>65 \% \leq 75 \%$	3 puntos

4. Experiencia, traxectoria e especialización da entidade no desenvolvemento de actividades en prol da normalización lingüística, ata 65 puntos.

4.1. Actividades formativas e divulgativas realizadas anteriormente pola asociación en materia de dinamización e normalización lingüística, ata 20 puntos.

4.2. Programas que se desenvolven en rede ou en colaboración con outras entidades (culturais, centros educativos, asociacións etc.), ata 15 puntos.

4.3. Programa dirixido a un dos ámbitos prioritarios ou estratéxicos para a normalización lingüística (socioeconómico, educación, familia, mocidade, lecer e novas tecnoloxías), ata 30 puntos.

5. Grao de consolidación e sensibilización lingüística do Concello, ata 50 puntos:

5.1. Dispoñer de servizo de normalización lingüística no Concello, 30 puntos.

5.2. Número de edicións ou antigüidade do programa (1 punto por edición ou ano), ata 10 puntos. Verificarase coa presentación do cartel da última edición ou coa certificación fidedigna emitida polo Concello que acredite esta antigüidade. En caso de non figurar, considerarase que o programa está na súa primeira edición.

5.3. Número de accións a favor da lingua dentro do programa subvencionable (1 punto por acción), ata 10 puntos

As accións implican un número múltiple e determinado de actividades; é dicir, as actividades son as tarefas programadas para cumprir coa acción establecida.

A Deputación poderá requirirlos aos concellos solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente e tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados.

Para estes efectos consideraranse os últimos datos de poboación do IGE na data de publicación destas bases no BOPPO.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, sempre que o conxunto de todas elas non supere o 100 % do custo da actividade ou do investimento que leve a cabo a entidade beneficiaria.

Décimo cuarta. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo terceira, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta remitiráselle á Intervención xunto con todos os expedientes para a súa fiscalización.

Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta da Xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos sobre as solicitudes de subvención recibidas. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidente: o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e un do persoal técnico do Servizo de Intervención.



- *Secretaria/o: unha ou un funcionario do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, que actuará sen voto.*

A Comisión de Valoración poderá:

- *Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- *Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención.*

A resolución do procedemento notificaráselles aos concellos interesados, segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP, e publicarase no BOPPO, de acordo co artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Na resolución do procedemento por parte do órgano competente, de conformidade co disposto nestas bases reguladoras, deberán acreditarse os fundamentos da resolución que se adopte e o prazo máximo para resolver o procedemento será de seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificárllelo ás potenciais persoas beneficiarias lexítimas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, tras unha solicitude razoada, o concello beneficiario da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que se poderá autorizar sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen os dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo da proposta da Comisión de Valoración, na que se deberán ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe desta e ao orzamento subvencionado.*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, tras o informe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*

Décimo sexta. Obrigas dos concellos beneficiarios

Os concellos beneficiarios da subvención terán as seguintes obrigas:

- a) *Levar a cabo a actividade subvencionada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.*
- b) *Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, os ingresos ou os recursos que financien a actuación subvencionada obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas logo de presentar a solicitude da convocatoria correspondente.*
- c) *Proporcionar en todo momento a información que lles sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa.*
- d) *Incluír os logos da Deputación de Pontevedra en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos.*



- e) Colocar os elementos publicitarios que lles poida facilitar a Deputación de Pontevedra.
- f) Velar polo cumprimento da normativa fiscal e laboral, así como da de prevención de riscos laborais. A Deputación quedará exenta de toda responsabilidade das contratacións levadas a cabo ao abeiro deste programa de subvencións.
- g) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.

Décimo sétima. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, os concellos beneficiarios deberán xustificálas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 28 de febreiro de 2027.

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os referidos a alimentos e a bebidas.

Para percibir a subvención os concellos deberán presentar a seguinte documentación, obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décima.

- a. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada e os resultados obtidos.
- b. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; en cada unha delas deberá figurar o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total.

Non se admitirán as nóminas do persoal propio do concello nin as facturas con data posterior á finalización do prazo de xustificación.

- c. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de relevo que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio do Concello beneficiario á disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece na base 25.8.2.c das Bases de execución do vixente Orzamento provincial.
- d. Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- e. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles ás e aos provedores preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- f. Os concellos beneficiarios das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen o concello beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible unha forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900 €) implicará que este se considere non subvencionable.
- g. Acreditar a debida difusión, polo menos en lingua galega, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos.
- h. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.

Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación, antes de que se dite a proposta de resolución de concesión.



Décimo oitava. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo concello perceptor.

Décimo novena. Incumprimento

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo sétima sen que o concello beneficiario presentase a documentación xustificativa, desde o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos requiriranlle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

Non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio do procedemento da perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- *Se se obtíñen falseando as condicións requiridas.*
- *Se non se aplican aos fins para os que foron concedidas.*
- *Se a entidade beneficiaria incumpre as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións.

Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2026, e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle á BDNS a información requirida por esta e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, ademais o extracto publicarse no BOPPO.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.



Os datos persoais obtidos neste procedemento seranlles comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Os concellos poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Normativa aplicable e dereito supletorio

As axudas concedidas nesta convocatoria axustaranse ao establecido nela, na LXS, no RLXS e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

Con carácter supletorio, rexerán a LPACAP e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.”

3.36164.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 1203 O CAMPO-PARDAVILA. CONCELLO DE MARÍN". (EXPTE. 2025081794)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1203 O Campo - Pardavila, que transcorre polo Concello de Marín e conta cunha lonxitude de 1.048 m.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila”, coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

Resultando.- Que con data 26/08/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín”

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	832.051,77 euros	70
Concello de Marín	356.593,62 euros	30
TOTAL OBRAS	1.188.645,39 euros	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto, a licitación a execución e a recepción das obras.

Resultando.- Que sendo necesario definir o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse o proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín” cun orzamento base de licitación de 1.188.645,39 euros. A este proxecto asignóuselle o CSV: 9TV7WXT8SU4LW4C3.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión de data 25/04/2025 aprobou definitivamente o proxecto de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín”.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación, providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade solicitando o inicio do expediente de contratación para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín”

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC correspondentes acreditando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 1RSUJ7D5KDRE3ZE4 informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001. Non obstante, debería xustificarse o sinalado no apartado 10 do presente informe. Por outra banda, antes do comezo das obras debe de contarse coas autorizacións sectoriais preceptivas en vigor...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: R67IMB4XIUTCCKBZ4, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente en particular o referido á obtención da prórroga da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas que vence o próximo día 22 de marzo de 2026...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín”* cun orzamento base de licitación de 1.188.645,39 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	982.351,56 euros
IVE (21%).....	206.293,83 euros
Importe Total.....	1.188.645,39 euros

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): QXA2H5OY982942AM, e de prescricións técnicas con código (CSV) 9TV7WXT8SU4LW4C3, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.188.645,39 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.01.2023 e 26/456.4530.6121.01.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

4.36165.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL 26-30 PARA A PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2025066294)

Resultando.- Que o paradigma actual caracterízase pola crecente importancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) que exercen unha influencia decisiva no desenvolvemento da sociedade. Nos últimos anos xurdiron numerosos factores que contribúen a impulsar o proceso de transformación dixital que se acelerou de forma exponencial. Como consecuencia, prodúcense cambios significativos no funcionamento de distintos sectores estratéxicos, nas relación sociais e laborais e no modelo de relación entre a cidadanía e as Administracións Públicas.



En particular na provincia de Pontevedra, a situación vese condicionada pola existencia dunha infraestrutura tecnolóxica moi heteroxénea nos distintos Concellos o que dificulta dar unha resposta adecuada ás demandas actuais. A modernización e homoxeneización dos sistemas e solucións resulta fundamental para acadar unha administración máis áxil, aumentando deste xeito o nivel de satisfacción da cidadanía cos servizos públicos prestados.

A Deputación de Pontevedra é consciente da gran importancia das TIC coma ferramentas para impulsar o progreso e o desenvolvemento dos distintos territorios, constatando a necesidade de implementar un novo modelo de xestión en materia TIC que aposte pola racionalización dos gastos nas Administracións Públicas, adoptando coma principio transversal a eficiencia nas actuacións a realizar e así obter o máximo valor dos recursos públicos dispoñibles e empregando medidas coma a estandarización e a integración de solución tecnolóxicas que potencien unha xestión máis sinxela e eficaz.

Neste contexto unha ferramenta esencial que resulta de gran utilidade para acometer estas actuacións é a elaboración dun Plan Estratéxico de Transformación Dixital que contemple as necesidades dos principais axentes da provincia de Pontevedra e permita a definición da folla de ruta tecnolóxica da institución provincial durante os próximos anos. Deste xeito, definiranse os principios, obxectivos, eixos e liñas de actuación que rexerán as actuacións TIC da Deputación, partindo da diagnose interna e externa adoptando un modelo participativo orientado á calidade que permitirá obter un documento que aporte valor na definición da estratexia tecnolóxica partindo das distintas iniciativas desenvoltas previamente pola Deputación.

Este servizo permitirá á Deputación de Pontevedra adoptar un enfoque estratéxico no longo prazo co obxectivo claro de posicionar á Deputación coma a entidade de referencia no ámbito TIC na provincia, avanzando cara unha administración máis moderna, eficiente e centrada nas persoas, acorde coas demandas da sociedade actual.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos recursos humanos e a especialización suficiente e necesaria para levar a cabo as tarefas que se integran no obxecto do contrato.

Resultando.- Que, en base ao exposto, con data 22 de outubro de 2025, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emite providencia de inicio na que, co visto e praxe do deputado delegado, propón a contratación do “servizo para a elaboración do Plan Estratéxico de Transformación Dixital 26 - 30 da provincia de Pontevedra”. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Resultando.- Que con data 29 de decembro de 2025, o servizo xestor emite informe complementario, mediante o que se introducen aclaracións respecto aos custos salariais e experiencia requirida, ao sinalado na providencia de inicio (CSV: 8BZ38CLFBVUY5RG8).

Resultando.- Que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 08 de xaneiro de 2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 12 de xaneiro de 2025 e as observacións contidas no mesmo (CSV: 19B4NT7F0HSJ84SZ).



Resultando.- Que, con data 13 de xaneiro de 2026, o servizo xestor emite un novo informe complementario á providencia de inicio, mediante o que se introducen modificacións respecto aos fitos de facturación e estrutura da oferta (CSV: W2XOTXIFZXJT3FPJ).

Resultando.- Que con data 13 de xaneiro de 2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que, con data 17 de febreiro de 2026, o servizo xestor emite un novo informe complementario á providencia de inicio, mediante o que se xustifica o cálculo dos custes salariais e se modifican os criterios avaliáveis mediante xuízos de valor aplicables a esta contratación (CSV: JBUBLR7N4N0A270W).

Resultando.- Que con data 19 de febreiro de 2026, a Intervención emite documentos de retención de crédito número RC 12026000038535, polo importe de 179.071,48 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/926.9260.227.06 do vixente orzamento provincial, en substitución do anterior documento contable emitido.

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 23 de febreiro de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo) sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Resultando.- Que con data 23 de febreiro de 2026, pola Intervención emítese informe favorable, agás nas observacións sinaladas nos puntos nº 1 e 2, coas seguintes observacións e recomendacións (CSV: CDFBJUO8UY4EDOPT):

“1. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense criterios avaliáveis mediante xuízo de valor. A este respecto sinalar que con carácter xeral deben sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Se ben, os criterios avaliáveis mediante xuízo de valor gardan vinculación co obxecto do contrato e son coherentes coa súa natureza intelectual, obsérvase que parte dos elementos valorados (idoneidade metodolóxica, coherencia estratéxica, representatividade do proceso participativo, modelo de gobernanza, etc.) non se traducen de forma expresa en obrigas contractuais concretas e verificables durante a execución. Así mesmo, aprécianse interseccións parciais entre determinados subcriterios (gobernanza, planificación, seguimento e plan de calidade) que poden xerar risco de solapamento na valoración e dificultar a trazabilidade da puntuación outorgada.

En consecuencia, considérase recomendable reforzar a delimitación e obxectivación dos criterios, garantindo que a calidade adicional valorada na fase de licitación teña un reflexo real, medible e esixible na execución do contrato, conforme ao artigo 145.5 da LCSP. De xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Polo que, no informe técnico de valoración das



ofertas deben recollirse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.

2. Os custos de persoal empregados no contrato, tomados dos últimos ratios sectoriais publicados polo Banco de España correspondentes ao ano 2024 para as empresas con CNAE: M70 Actividades de sede central. Oficinas; actividades de consultaría de xestión empresarial, sitúanse moi por encima dos mínimos establecidos no XIX Convenio colectivo estatal de empresas de consultaría, tecnoloxías da información e estudos de mercado e da opinión pública (código de convenio 99001355011983). Correspondendo típicamente, a perfís cercanos a postos de xerencia e polo tanto, non extensibles a tódolos traballadores incluídos no contrato.”

Considerando.- Que de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*servizo para a elaboración do Plan Estratéxico de Transformación Dixital 26 - 30 da provincia de Pontevedra*”. O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 179.071,48 € (IVE engadido), que se desagrega como segue:

Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe total (co IVE)
147.992,96 €	31.078,52 €	179.071,48 €



O valor estimado é de 147.992,96 €

O prazo de duración do contrato será de 6 meses, a contar desde a data de formalización do contrato. Fíxanse os seguintes prazos de execución parciais, coincidentes coa sucesión de fases nas que se vai a prestar o servizo obxecto desta contratación:

- *Fase nº 1. Análise da situación actual:* prazo máximo de 3 meses, a contar desde a data de formalización do contrato.
- *Fase nº 2. Análise de tendencias e boas prácticas:* prazo máximo de 3 meses, a contar desde a data de formalización do contrato (executarase simultaneamente á fase nº 1).
- *Fase nº 3. Formulación estratéxica:* prazo máximo de 4 meses, a contar desde a data de formalización do contrato.
- *Fase nº 4. Elaboración da estratexia:* sexto mes de prestación do servizo.

Non se contemplan prórrogas para esta contratación.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: OL5ERMUZFITOJOSY) e de prescricións técnicas (CSV: GUJT3KMM8N2P1AWL) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 179.071,48 euros, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	26/926.9260.227.06	179.071,48 €

4.- Nomear responsable do contrato á xefa do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

5.36166.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL E CARTOLINAS PARA A IMPRENTA PROVINCIAL. (EXPTE. 2026000490)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada da Deputación.

Co fin de poder acadar os seus obxectivos, o servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples medios. Dentro das accións comunicativas o material gráfico é unha ferramenta importante para poñer en valor o impulso que a institución está a desenvolver para promover o tecido social, económico, cultural, natural, deportivo e turístico da provincia, constituíndo un bo escaparate para amosarlle á cidadanía as liñas de actuación, aplicacións e programas da institución, dando resposta ás súas necesidades e achegándolle a administración ó cidadán.



En xeral, os traballos de imprenta constitúen unha necesidade permanente da Deputación Provincial de Pontevedra que aínda que son complementarios das competencias que teñen atribuídas as entidades locais, poden ser realizados cos seus propios recursos. Os traballos de impresión teñen dous destinos diferenciados, por un lado o de cubrir as necesidades propias da Deputación e por outro lado, as colaboracións cos servizos de impresión que se realizan a terceiros beneficiados.

Resultando.- Que para realizar por si mesma os traballos de imprenta, a institución provincial require dos materiais técnicos e funxibles necesarios e precisa abastecerse cun surtido de material técnico que permitan desenrolar o seu traballo e cumprir co seu cometido diario de xeito adecuado.

Como consecuencia, dada a imposibilidade de realizar dito traballo na Deputación Provincial por carecer dos recursos necesarios, faise obrigatorio recorrer a empresas externas para o bo fin que se pretende.

Resultando.- Que con data 05 de xaneiro de 2026, a xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e prace do presidente, dita providencia de inicio de expediente para a contratación da subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial. Xunto coa proposta, remítese o prego de prescricións técnicas que rexerá neste procedemento.

Resultando.- Que, con data 07 de xaneiro de 2026, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 12026000000473, polo importe de 40.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 924.9240.221.15 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 30 de xaneiro de 2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 02 de febreiro de 2026 (CSV: Z89MUOTBA7KWQL7X).

Resultando.- Que, con data 04 de febreiro de 2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que, con data 24 de febreiro de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato de subministracións. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, por concorrer as circunstancias do artigo 159.1 LCSP.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 25 de febreiro de 2026 (CSV: WVLOV2NEQVX6A3MY).



Considerando.- Que tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da *"subministración de papel e cartolinas para a imprenta provincial"*, cun orzamento base de licitación co IVE de 40.000,00 € e un valor estimado de 132.231,40 €.
- 2.-Autorizar o gasto polo importe máximo de 40.000,00 € (IVE engadido), que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9240.221.15, do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2026.
- 3.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: XPL38EE73W9ZWON8) e o prego de prescricións técnicas (CSV: P6S3WGY5SFNWUBXK e PS1LCPIEF9EFL540) que rexerá dita contratación.
- 4.- Nomear responsable do contrato a Rebeca Domínguez Pérez, Xefa do servizo de Comunicación Institucional, ou persoa en quen delegue.
- 5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.



6.36167.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA, MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO LOTE 5 (SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL PARA ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES DE MÁIS DE 50.000 HABITANTES) DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. (EXPTE.2026006577)

Vista a providencia de inicio do Deputado delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areiro, de 10/02/2026 (CSV: DT0V9K8Q1XTILXIS), para a contratación do “Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e da Escola Universitaria de Enfermería“, que xustifica a necesidade, idoneidade e ausencia de medios propios suficientes.

Resultando que, con data 13/02/2026, a Intervención emite documento de retención de crédito número 12026000027819, con cargo á vinculación xurídica da aplicación 922.9330.224.01 do vixente orzamento provincial, para atender os gastos derivados de esta contratación.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o “documento de invitación” previsto na cláusula 21.2 do prego de cláusulas administrativas regulador do Acordo Marco e da memoria xustificativa, e con data 13/02/2026, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 23/02/2026, informa favorablemente o expediente.

Resultando que a Intervención, con data 24/02/2026, emite informe favorable, coas seguintes observacións ou recomendacións:

“O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente-ano 2026) e supón un incremento de gasto computable no/s exercicio/s no/s que se leva a cabo a execución do gasto afectando á estabilidade no/s mesmo/s.

En atención á contía e natureza do gasto (seguros) e ao carácter recorrente do mesmo, se entende incluído nas previsións orçamentarias de gasto corrente a medio prazo, polo que a realización do mesmo non incide na proxección de sustentabilidade económico – financeira desta entidade”.

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: EJSD686PIAUA8EKD), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado, e o procedemento a aplicar é o procedemento para a tramitación dos contratos baseados no Acordo Marco para contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP, regulado na cláusula 21.2 do seu prego de cláusulas administrativas.



Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación do *Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e da Escola Universitaria de Enfermería*, Contrato baseado no lote 5 (seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial para Entidades Locais e entes dependentes de máis de 50.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.

O Contrato baseado pode subscribirse, en segunda licitación, coa única empresa adxudicataria do Lote 5 do Acordo Marco (ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA S), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

O prazo de duración será de 1 ano, desde o 1 de xullo de 2026, establecéndose a posibilidade dunha prórroga cunha duración dun ano.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 130.000,00€.

O valor estimado é de 260.000,00 euros.

2.- Aprobar o documento de nova licitación (CSV: ORBR970IH8CZFCVV) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 130.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/922.9330.224.01, do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear como responsable do contrato ao Técnico adxunto a xefatura do Servizo de Contratación e Patrimonio, ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións á empresa que forma parte do lote 5 do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.

A data límite de presentación de ofertas será de 5 días hábiles a contar desde o seguinte ao envío do requirimento a través da plataforma da Central de Contratación da FEMP.



7.36168.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA EDNON, S.L. PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COPIA DE SEGURIDADE NA NUBE. (EXPTE.2023037975)

Na sesión ordinaria do día 01 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de “Subministración de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra” á empresa EDNON S.L. (CIF B-36938009) polos seguintes prezos e valores ofertados:

- a) Prezo ofertado por GB de almacenamento bruto en orixe a apoiar:

UNIDADE DE ALMACENAMENTO	IMPORTE OFERTADO (co IVE)
1 GB	0,15€

- b) Definición do grao do CPD asociado á prestación do servizo:

- Grado TIER certificado ou equivalente para o CPD principal:

TIER 3 ☒ TIER 4 ☐.

- Achégase un CPD de respaldo para o principal: SI ☒ NON ☐

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 01 de abril de 2024 e o prazo de duración é de dous anos a partir da data que conste no documento de formalización do contrato, con posibilidade de unha prórroga de dous anos de duración.

Con data 13 de febreiro de 2026 a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de dous anos, con efectos de 01 de abril do 2026 ata o 31 de marzo do 2028.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 12 de xaneiro de 2026, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 19 de febreiro do 2026, a Intervención emitiu documento de retención de crédito número de operación 12026000038696, polo importe de 278.784,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/926.9260.227.23 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026. Ademais, emitiu documento de



retención de crédito para exercicios futuros número de operación 12026000038697, polo importe de 371.712,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 27/926.9260.227.23 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2027, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 12026000038699, polo importe de 92.928,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 28/926.9260.227.23 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2028.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 23 de febreiro do 2026, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Subministración de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra”, por 2 anos, dende 01/04/2026 ao 31/03/2028.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31/03/2026.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de “Subministración de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra” subscrito coa empresa EDNON S.L. (CIF B-36938009), durante o período 01 de abril do 2026 ata o 31 de marzo do 2028, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (743.424,00 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026 (9 meses)	26/926.9260.227.23	278.784,00 €
2027	27/926.9260.227.23	371.712,00 €
2028 (3 meses)	28/926.9260.227.23	92.928,00 €

O importe de gasto das anualidades 2027 e 2028 quedará condicionado á aprobación do orzamento das respectivas anualidades e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



8.36169.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA CONSORCIO MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L., PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPRESIÓN, PREGADO E ENSOBRADO DE CARTAS ORDINARIAS E NOTIFICACIÓNS XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA-ORAL, ASÍ COMO A SÚA POSTERIOR ENTREGA AO OPERADOR POSTAL. (EXPTE.2023059720)

Na sesión ordinaria do día 22 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de “*Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra Oral, así como a súa posterior entrega ao operador postal*” á empresa Consorcio Manipulado y Servicios Postales S.L. (CIF: B-92.621.762), polos prezos unitarios e valores reflexados no citado acordo.

O acordo de adxudicación foi rectificado mediante acordo da Xunta de Goberno número 27.33719, na súa sesión ordinaria de data 26 de abril de 2024.

O contrato formalizouse en documento administrativo, de data 08 de maio de 2024, sendo o prazo de duración de dous anos desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 10 de febreiro de 2026, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 08 de maio do 2026 ata o 07 de maio do 2027.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 28 de xaneiro de 2026 (data de comparecencia: 28/01/2026), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 10 de febreiro do 2026, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 12026000025985, polo importe de 27.644,80 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/932.9320.227.06, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026. Así mesmo, na mesma data, a Intervención emitiu documento de retención de crédito futuro con número de operación 12026000025986, polo importe de 15.068,20 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/932.9320.227.06, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2027.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 24 de febreiro do 2026 (CSV: HNPYMASU7ZGERYQG), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de “Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra Oral, así como a súa posterior entrega ao operador postal” por un ano, desde o 08 de maio do 2026 ata o 07 de maio do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 08 de maio do 2026.”

Considerando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato para a prestación do servizo de “Impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra Oral, así como a súa posterior entrega ao operador postal” subscrito coa empresa CONSORCIO MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES S.L. (CIF: B92621762), durante o período desde o 08 de maio do 2026 ata o 07 de maio do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	26/932.9320.227.06	27.644,80 €
2027	27/932.9320.227.06	15.068,20 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



9.36170.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "ENSANCHE E MELLORA DA E.P. 4102 LEIRADO-LIRA, DENDE O PQ. 1+000 ATA O PQ. 1+877 (CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO)". (EXPT.E.2025064133)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada EP 4102 LEIRADO-LIRA que percorre o termo municipal de Salvaterra de Miño pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 1.670 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario o acondicionamento dun treito duns 900,00 metros da estrada EP – 4102, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade, tanto para o tráfico rodado como peonil.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., , o proxecto de execución da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)” cun orzamento base de licitación de 559.261,58 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 9X3YZNK3RMP0NAHA.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Movilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número por importe de 559.261,58 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial, dentro do proxecto de gasto nº 2024081120, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/11/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)” redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 559.261,58 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 9X3YZNK3RMP0NAHA.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 5 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o PQ. 1+000 ata o PQ. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 15 de decembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 08/01/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra ““Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o PQ. 1+000 ata o PQ. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)””.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao con data 20 de xaneiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	1,00	17,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
NAROM, S.L.	20,00	3,00	23,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	12,00	1,00	13,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestrutura e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 20 de xaneiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o PQ. 1+000 ata o PQ. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)”.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	423.744,64 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	422.912,68 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	427.396,02 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	432.480,22 €	2,00%	24 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	417.227,63 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	432.156,67 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	423.744,64 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	422.912,68 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	427.396,02 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 06/11/2025, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	25,82	5,00	5,00	5,00	40,82
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	26,38	5,00	5,00	5,00	41,38
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	23,37	5,00	5,00	5,00	38,37



LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
PEREZ PORTELA, S.L.					
HORDESCON, S.L.	19,95	2,50	2,50	5,00	29,95
NAROM, S.L.	30,21	5,00	5,00	5,00	45,21
ORESA CONSTRUCCIO N Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	20,17	5,00	5,00	5,00	35,17
CONSTRUCCIO NES FECHI S.L.U.	25,82	5,00	5,00	5,00	40,82

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 22/01/2026 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o PQ. 1+000 ata o PQ. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	23,00	45,21	68,21
2	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	41,38	64,38
3	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	19,00	40,82	59,82
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	17,00	38,37	55,37
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	13,00	35,17	48,17
6	HORDESCON, S.L.	14,00	29,95	43,95



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o PQ. 1+000 ata o PQ. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)” á empresa NAROM, S.L. por un importe de 504.845,43 euros IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa NAROM, S.L. (B36163418) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida NAROM, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 20.861,38 euros segundo queda acreditado en carta de pago de data 09/02/2026 con número de operación 12026000025186.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314), o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse en informe que consta no expediente con CSV: 2ZB755AWWBT30RW2, á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o p.q. 1+000 ata o p.q. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)" por un importe estimado de 4.886,02 euros.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) ZBXOQO0GJX51OI6Z, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2024081120, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12025000229018.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o



establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa NAROM, S.L. (B36163418), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño), por un importe de 504.845,43 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	417.227,63 euros
IVE (21%)	87.617,80 euros
Importe Total.....	504.845,43 euros

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de OITO (8) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025064133.

2. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.



3. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o p.q. 1+000 ata o p.q. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)" (Expte 2025075629) , por un importe de 4.886,02 euros, e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado4.041,50 euros
IVE (21%)..... 844,52 euros
Importe Total.....4.886,02 euros

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025075629.

10.36171.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DO "PROXECTO + RUEIRO". (EXPTE. 2024082688)

Visto que con data 05/02/2026 tivo entrada no rexistro Web da Deputación de Pontevedra con número de rexistro WEB2026007629 escrito da empresa UTE PROYESTEGAL SL- INGENIERIA INSITU S.L.U. polo que se solicita a ampliación do prazo de execución do contrato para a prestación do servizo de execución do proxecto + Rueiro , por un prazo de quince días indicando o seguinte:

"Que se atopan pendentes de entrega as seguintes entregas:

-A6: Traballo de gabinete

A7: Implantación da plataforma

A8: Preparación de entregables e remisión ao INE



A9: Xustificación

Que as inclemencias meteorolóxicas acontecidas durante o mes de xaneiro do 2026 imposibilitaron a realización do traballo de campo o que isto provocou un retraso na execución do contrato. “

Resultando que na sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato para a prestación do Servizo de execución do proxecto + Ruciro” á empresa UTE PROYESTEGAL SL- INGENIERIA INSITU S.L.U.

Resultando que con data 16/07/2025 formalizouse o contrato entre a Deputación de Pontevedra e a empresa UTE PROYESTEGAL SL- INGENIERIA INSITU S.L.U. establecéndose un prazo de execución de 8 meses, sendo polo tanto a data de finalización o 16/03/2026.

Visto o informe emitido polo Responsable do contrato con (CSV: 1BWOVF8GWWAS6941) no que se conclúe o seguinte:

“No prego de prescricións técnicas do proxecto, indicase na actuación A6: “En aqueles casos en los que en gabinete se obtengan incidencias que no se pueden resolver, la empresa adjudicataria deberá realizar visitas a campo para solventarlas y dar mayor fiabilidad a los datos de la GDB.”. A execución de esta actuación estase a retrasar por mor da situación meteorolóxica actual.

Por todo o exposto anteriormente, infórmase do retraso na execución polas causas alegadas pola empresa e ditas causas non son imputables ao contratista.”

Visto o informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Contratación e pola Secretaría e a Intervención, de data 13/02/2026 (CSV: JWB1PA9AW8R4OBAU) que conclúe o seguinte

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en QUINCE DÍAS , sendo en todo caso a data de finalización deste contrato o 31/03/2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 16 de marzo de 2026.”

Considerando que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo de execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”



Considerando que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á UTE PROYESTEGAL SL- INGENIERIA INSITU S.L.U. unha ampliación do prazo de execución do contrato para a prestación do servizo de execución do proxecto + Rueiro , por un prazo de QUINCE DIAS, abarcando esta o período que vai desde o 16/03/2026 ao 31/03/2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

11.36172.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE CARACTERIZACIÓN E MODELIZACIÓN DAS TAXAS DE RESIDUOS COMERCIAIS NOS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2025004125)

Visto que con data 18/02/2026 tivo entrada no rexistro Web da Deputación de Pontevedra con número de rexistro WEB2026010311 escrito da empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA SL (CIF B85097962) polo que se solicita a ampliación do prazo de execución do contrato para a prestación do servizo de execución do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudo de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra , por un prazo de 3 meses, indicando o seguinte:

“Durante o prazo de execución do contrato con nº de expediente 2025004125, producíronse circunstancias alleas á vontade desta empresa que están incidindo no desenvolvemento normal dos traballos e na correcta obtención da información necesaria para a modelización deste servizo.

En determinados concellos, o anuncio da revisión e incremento das taxas de residuos tería xerado un contexto de especial sensibilidade social e institucional, que condicionou a participación daqueles e de establecementos nas enquisas e procesos de recollida de datos. Esta situación supón un risco de baixa participación ou de obtención de información insuficientemente representativa, afectando á calidade da mostra empregada.

Así mesmo, durante os meses correspondentes á tempada baixa prodúcese o peche temporal dun número relevante de establecementos, especialmente en concellos de carácter turístico, circunstancia agravada polo mal tempo climatolóxico do último mes e medio. Esta circunstancia provoca unha redución conxuntural da actividade económica e da xeración de residuos,



introducindo un posible sesgo estacional nos datos dispoñibles ao non reflectiren un ciclo anual completo nin unha situación de actividade normalizada.

Co fin de evitar que tales circunstancias poidan comprometer a fiabilidade, obxectividade e representatividade da información empregada na definición dos parámetros do modelo, considerase convinte ampliar o período de execución do contrato.

En consecuencia, tendo en conta que estas circunstancias foron sobrevidas e non imputables á empresa EPTISA, se solicita a ampliación do prazo de execución do contrato por un período adicional de tres (3) meses.

No caso de concederse a ampliación solicitada, a empresa se compromete a cumprir todos os compromisos adquiridos na sinatura do contrato, e levar a cabo a adecuada finalización dos traballos con pleno rigor técnico e metodolóxico.”

Resultando que na sesión ordinaria do día 8 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato para a prestación do servizo de execución do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudo de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra á empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA SL (CIF B8509796).

Resultando que con data 11/09/2025 formalizouse o contrato entre a Deputación de Pontevedra e a empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA SL establecéndose un prazo de execución de 6 meses, sendo polo tanto a data de finalización o 11/03/2026.

Visto o informe emitido pola Responsable do contrato con (CSV: 2OEOLX15EDMNXHBI) no que se conclúe o seguinte:

... “dende a formalización do contrato se produciron circunstancias sobrevidas non imputables ao contratista que inciden directamente no desenvolvemento dos traballos e na calidade técnica do resultado final.”... ” Á vista dos antecedentes de feito mencionados e os fundamentos xurídicos expostos, infórmase favorablemente a ampliación en TRES (3) MESES do prazo de execución do contrato do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudo de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, adxudicado á empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L, nos termos expostos.”

Visto o informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Contratación e pola Secretaría e a Intervención, de data 26/02/2026 (CSV: PF6JIZ701NGI4DX5) que conclúe o seguinte

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en TRES MESES , sendo en todo caso a data de finalización deste contrato o 11/06/2026. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 11 de marzo de 2026.”

Considerando que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva.”



Considerando que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo de execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder a empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA SL (CIF B85097962) unha ampliación do prazo de execución do contrato para a prestación do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudo de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra por un prazo de TRES MESES, abarcando esta o período que vai desde o 12/03/2026 ao 11/06/2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

12.36173.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN ANO 2025. (EXPTE 2025042244)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/07/2025 acordou adxudicar Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de “Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025” á UTE NAROM, S.L.-AUDECA, S.L., por importe de 738.122,47 € IVE engadido e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 29/08/2025 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/02/2026.

Resultando.- Que mediante escrito presentado polo contratista a través do rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026008943), na data 11/02/2026, solicitou unha ampliación do prazo de execución da obra de tres (3) MESES, debido a que as numerosas incidencias meteorolóxicas acaecidas na zona, con un elevado número de días de precipitación, acreditado con informe meteorolóxico de Meteogalicia que se xuntou, reflexa que dente o inicio do contrato ten chovido un total de 110 días. A execución dos traballos ten lugar en zonas onde a escorrentía das parcelas como da calzada van a parar as cunetas impedindo



a escavación de zanzas e o estendido de formigón, polo que provoca un retraso considerable na evolución dos traballos.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 2PYEV8IVO5U99BQB informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES, ata o 28 de maio de 2026. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalado...”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: XP4VJHBIQ65D3BZ2, informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, do Secretario Xeral da Deputación e do Interventor, no que se recolle o seguinte: “...En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución TRES (3) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o día 28/05/2026. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é o Presidente, estando delegada dita atribución, de acordo coas bases específicas de execución do orzamento da Deputación, na Xunta de Goberno...”

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder á empresa UTE NAROM, S.L.-AUDECA, S.L., unha ampliación de prazo de TRES (3) MESES, na execución do Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025, establecendo coma data para finalizar a obra o día 28/05/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.



13.36174.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A CENTROS EDUCATIVOS E ANPAS.
PROGRAMA VIVE O RURAL 2026. (EXPTE.2025060881)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno núm. 2.35763, adoptado na súa sesión ordinaria do 14 de novembro de 2025, aprobouse a convocatoria do programa “Vive o Rural” 2026. O programa está dirixido ás asociacións de nais e pais de alumnas e alumnos (anpas) dos centros educativos públicos e aos propios centros escolares dos concellos da provincia con poboación inferior a 20.000 habitantes, para organizar visitas de educación ambiental ás granxas escola da provincia inscritas no Rexistro de Instalacións Xuvenís da Xunta de Galicia. Estas visitas consistirán en pasar un día realizando distintas actividades de toma de contacto cos animais, labores da horta, obradoiros educativos, xogos ou calquera outra actividade de natureza análoga.

As bases reguladoras publicáronse no BOPPO núm. 225, do 24 de novembro de 2025, así como na BDNS. O prazo de presentación de solicitudes comezou o 1 de decembro de 2025 e permanecerá aberto durante o período de vixencia da convocatoria, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Segundo. A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva ata o esgotamento do crédito dispoñible.

A contía total máxima destinada a este convocatoria é de 80.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02.

O importe máximo da subvención por entidade é 1.250,00 €. O importe máximo que se subvencionará por alumna ou alumno é de 25,00 €, cun límite de 50 escolares por centro ou anpa, agás nos centros que cumpran os seguintes requisitos, nos que o importe máximo que se subvencionará será de 40,00 €:

- Ter menos de 50 alumnas e alumnos matriculados no global do centro.
- Máximo de 30 alumnas e alumnos participantes na actividade.

Terceiro. Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan ao obxecto do programa, que resulten estritamente necesarios para levalo a cabo e financien actividades desenvolvidas durante os períodos lectivos comprendidos entre os meses de xaneiro a maio e de setembro a decembro de 2026, excluídos os períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa. As axudas deberán destinarse a financiar:

- a) O custo da entrada ás granxas escola para o desenvolvemento dunha saída ambiental dun día.
- b) Os gastos de desprazamento en transporte colectivo de ida e volta entre o centro docente e a granxa escola para realizar visitas de educación ambiental.



Cuarto. De acordo co establecido na base 10ª da convocatoria, correspóndelle a instrución do procedemento á xefa do Servizo de Xuventude e Reto demográfico. Dado o elevado volume de solicitudes presentadas e a proximidade das datas previstas para a realización das saídas, considérase necesario proceder á resolución das solicitudes presentadas ata o 13 de febreiro de 2026 co fin de garantir o cumprimento da finalidade da subvención.

Unha vez revisadas as 74 solicitudes presentadas, así como a restante documentación achegada, e efectuados os correspondentes requirimentos, compróbase que 68 entidades cumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras para poder ser consideradas beneficiarias de subvención, 5 están excluídas por duplicidade e 1 por ter domicilio nun concello de máis de 20 mil habitantes.

O 23 de febreiro de 2026 a xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico emite informe proposta de resolución das solicitudes presentadas.

Quinto. Con data 24 de febreiro de 2026, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto da proposta presentada pola xefa do Servizo de Xuventude e Reto demográfico.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas recollidas no artigo 11 da LSG, así como coas establecidas na base 11ª da convocatoria, entre as que se recollen:

- Comunicarlle, cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles, os datos da visita ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico a través do correo electrónico xuventudereto@depo.es.
- Realizar unha publicidade adecuada do carácter público do financiamento recibido. As medidas de difusión poderán consistir en carteis, publicacións impresas, contidos para redes sociais, entradas en páxinas web ou calquera outro medio que permita constatar a veracidade da difusión que, en todo caso, deberá incluír a imaxe identificativa do programa, a cal estará dispoñible en www.depo.gal.
- Presentar a xustificación da subvención na forma e no prazo indicado na convocatoria.

O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación da execución completa da actividade.

• **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente



De acordo co exposto, e ao amparo do establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na que se establecen como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial así como no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Conceder subvención, polo importe que se indica, ás seguintes entidades:

Nº	Expte.	Entidade beneficiaria	NIF	Concello	Granxa escola	Nº alum	Importe total subv.	Importe unitario subv.
1	2025077840	Anpa O Picoto	G36011096	Moaña	Kiriko	50	1.250,00 €	25,00 €
2	2025077872	Asociación San Vicente de Barrantes	G36393072	Tomiño	Cor. Carballo	47	1.175,00 €	25,00 €
3	2025077895	CEIP Plurilingüe Souto Donas	S8600073D	Gondomar	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
4	2025077948	CEIP de Quintela	Q8655510I	Moaña	Serantellos	29	725,00 €	25,00 €
5	2025077955	CEIP da Torre Cela	Q8655198C	Bueu	Serantellos	40	1.000,00 €	25,00 €
6	2025077923	Anpa Cela e pereiras de alumnos	G36119659	Mos	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
7	2025077974	EEI As Dunas Panxón	S8600009H	Nigrán	A Ecogranxa	28	1.090,00 €	38,93 €
8	2025078003	Anpa Santa Mariña Dozo	G36157519	Cambados	Serantellos	50	1.250,00 €	25,00 €
9	2025078007	CEP de Sabarís	S8600013J	Baiona	Cor. Carballo	42	1.050,00 €	25,00 €
10	2025078013	CRA Mestra Clara Torres	Q3600356D	Tui	Cor. Carballo	21	699,00 €	33,29 €
11	2025078015	EEI de Lamas	Q8655327H	Moraña	Kiriko	5	200,00 €	40,00 €
12	2025078019	EEI do Con	Q8655193D	Moaña	Serantellos	33	825,00 €	25,00 €
13	2025078023	EEI San Lourenzo	Q8655149F	Moraña	Kiriko	8	320,00 €	40,00 €
14	2025077921	CEIP Viñagrande - Deiro	Q8655184C	Vilanova de Arousa	A Ecogranxa	50	1.250,00 €	25,00 €
15	2025077886	CEIP Plurilingüe A Pedra	Q8655299I	Bueu	Serantellos	24	600,00 €	25,00 €



16	2025078288	CEIP de Rebordáns	Q8655062A	Tui	Kiriko	34	850,00 €	25,00 €
17	2025078292	CEIP Pazos de Reis	Q8655147J	Tui	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
18	2025078293	CEIP Nantes	Q8655373B	Sanxenxo	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €
19	2025077941	CEIP de Seara	Q8655122C	Moaña	Cor. Carballo	41	1.025,00 €	25,00 €
20	2025078582	CPI da Cañiza	Q8655023C	Cañiza, A	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €
21	2025078005	CEIP Mestre Martínez Alonso	Q8650003J	Mos	Cor. Carballo	44	1.100,00 €	25,00 €
22	2025078685	EEI de Amil	Q8655512E	Moraña	Kiriko	6	240,00 €	40,00 €
23	2025077981	CEIP de Corvillón	Q8655057A	Cambados	Kiriko	49	1.225,00 €	25,00 €
24	2025078024	IES de Barro	S3600007C	Barro	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €
25	2025078276	IES Pintor Colmeiro	Q3600394E	Silleda	Fervenza	42	1.050,00 €	25,00 €
26	2025078975	CEIP Plurilingüe nº1 de Tui	Q8655133J	Tui	Kiriko	50	1.250,00 €	25,00 €
27	2025077968	CEIP As Solanas	Q8655310D	Guarda, A	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
28	2025078014	CEIP Valle Inclán	Q8655555D	Grove, O	Serantellos	50	1.250,00 €	25,00 €
29	2025078008	CEIP Plurilingüe A Reigosa	Q8655073H	Ponte Caldelas	Kiriko	50	1.250,00 €	25,00 €
30	2025078289	CEP Plurilingüe de Riomañor	Q8655199A	Vilaboa	A Ecogranxa	36	666,00 €	18,50 €
31	2025078759	Anpa San Mamede	G36141265	Tui	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €
32	2025078479	CEIP Serra Vincios	S8600052H	Gondomar	Cor. Carballo	30	750,00 €	25,00 €
33	2025078030	CEIP Xulio Camba	Q8655068H	Vilanova de Arousa	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €
34	2025078025	IES Antón Alonso Ríos	Q8655627A	Tomiño	A Ecogranxa	25	625,00 €	25,00 €
35	2025078006	CEIP San Tomé	Q8655457C	Cambados	Kiriko	50	1.250,00 €	25,00 €
36	2025077971	CPI de Cova Terreña	S8600035C	Baiona	Cor. Carballo	41	1.025,00 €	25,00 €
37	2025079243	CEIP Mallón	S8600058E	Nigrán	Serantellos	34	850,00 €	25,00 €



38	2025078282	CEIP Plurilingüe San Bartolomé	Q8655485D	Vilanova de Arousa	Fervenza	42	1.050,00 €	25,00 €
39	2025079617	CEIP Avelino Cachafeiro Soutelo de Montes	Q8655029J	Forcarei	Kiriko	50	1.250,00 €	25,00 €
40	2025079803	Anpa Petelos	G36174753	Mos	Kiriko	50	1.250,00 €	25,00 €
41	2025079249	Anpa A Muralla	G36128718	Moaña	Cor. Carballo	45	1.125,00 €	25,00 €
42	2025080516	CRA de Caldas de Reis	S3600056J	Caldas de Reis	Kiriko	29	1.160,00 €	40,00 €
43	2025080523	ANPA Pequeniños	G36362309	Salvaterra de Miño	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
44	2025078295	AFA As Pontes	G36799831	Gondomar	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
45	2025077869	CEP Pedro Caselles Beltrán	Q8655050F	Tomiño	A Ecogranxa	48	1.200,00 €	25,00 €
46	2025078009	IES de Cotobade	S3600014I	Cerdedo- Cotobade	Fervenza	41	1.025,00 €	25,00 €
47	2025080352	CEIP Ramón de Valenzuela	Q8655025H	Silleda	Fervenza	36	900,00 €	25,00 €
48	2025081151	ANPA O Suido	G36014926	Covelo	A Ecogranxa	48	1.200,00 €	25,00 €
49	2025078682	CEP Plurilingüe Xesús Ferro Couselo	Q8655197E	Valga	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
50	2025081465	CEIP de Lourido	Q8655086J	Poio	A Ecogranxa	32	742,00 €	23,19 €
51	2025081217	CEIP San Xoán Bautista	Q8655036E	Cerdedo- Cotobade	Kiriko	27	1.030,50 €	38,17 €
52	2025081749	CEIP de Tenorio	Q35295378S	Cerdedo- Cotobade	Serantellos	44	1.100,00 €	25,00 €
53	2025081469	CEIP A Sangriña	Q8655021G	Guarda, A	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
54	2025082191	CEIP Plurilingüe de Castrelo	Q8655182G	Cambados	A Ecogranxa	43	1.075,00 €	25,00 €
55	2025081517	EEI de Lantaño	Q8655338E	Portas	Serantellos	11	440,00 €	40,00 €
56	2025081756	IES Monte da Vila	Q8655114J	Grove, O	Fervenza	47	1.175,00 €	25,00 €
57	2025079479	Anpa Volvoretá	G36361152	Tomiño	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
58	2026001125	CEIP de Valeixe	Q8655448B	Cañiza, A	Fervenza	28	1.120,00 €	40,00 €



59	2025082098	Anpa do Colexio público Dr Suárez	G36344752	Fornelos de Montes	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
60	2026001496	CEIP Amor Ruibal	Q8655071B	Barro	A Ecogranxa	50	1.200,00 €	24,00 €
61	2026001292	CEIP Enrique Barreiro Piñeiro	Q8655172H	Cambados	A Ecogranxa	36	802,00 €	22,28 €
62	2026001306	CEIP Plurilingüe Montemogós	Q8655369J	Bueu	Serantellos	38	950,00 €	25,00 €
63	2025081177	Centro público de Tirán	Q8655514A	Moaña	A Ecogranxa	30	750,00 €	25,00 €
64	2026001710	APA A Pastora Cambados	G36273126	Cambados	Serantellos	45	990,00 €	22,00 €
65	2026003028	CEIP Domingo Fontán	Q8655012F	Portas	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €
66	2025079894	Anpa CEIP Pena de Francia	G36014611	Mos	Cor. Carballo	50	1.250,00 €	25,00 €
67	2026004839	CEIP As Covas Meaño	Q8655067J	Meaño	Serantellos	40	1.000,00 €	25,00 €
68	2026007759	IES de Soutomaior	S3600059D	Soutomaior	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €

O importe total destas subvencións ascende á cantidade de 70.874,50 €, e serán aboadas con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02 do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o ano 2026.

Segundo. Desestimar as seguintes solicitudes con indicación da causa de exclusión:

Nº	Expte.	Entidade	NIF	Concello	Motivo de exclusión
1	2025079620	CEIP da Oca	Q8655274B	A Estrada	Concello de máis de 20.000 habitantes. Incumpre base 2.1
2	2025077964	CEIP da Torre Cela	Q8655198C	Bueu	Duplicada
3	2025078004	Anpa Santa Mariña Dozo	G36157519	Cambados	Duplicada
4	2025078011	CRA Mestra Clara Torres	Q3600356D	Tui	Duplicada
5	2025079248	Anpa A Muralla	G36128718	Moaña	Duplicada
6	2025082190	CEIP Plurilingüe de Castrelo	Q8655182G	Cambados	Duplicada

Terceiro. Publicar o acordo de concesión na Sede electrónica da Deputación e na páxina web, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da LPACAP.

Coa concesión destas subvencións non se esgota o crédito dispoñible nesta convocatoria, polo que o prazo de presentación de solicitudes seguirá aberto ata esgotar o mesmo que ascende a un total de 9.125,50 €.



14.36175.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026003845)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE ARBO					
Data de presentación:		22/01/2026 (registro WEB2026004163)			
Data de emenda:		23/01/2026 (registro WEB2026004379)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	9 peóns forestais e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses e 1 peón forestal en xornada de 30 h./sem. durante 5 meses	103.794,42 €	101.265,88 €	2.528,54 €	101.265,88 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE ARBO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	102.397,17 €



- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.



Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: Z8ZKX8A87LU6QAU6) e do informe de Intervención (CSV: DK9S99DY9ZTF5CNQ), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a corrección de erro do acordo da Xunta de Goberno do 31 de xullo de 2025, acordo núm. 18.35506, no referente á desagregación atendendo ao concepto dos gastos, de maneira que:

ONDE DÍ:

“En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

“CONCELLOS +RENOVABLES I” nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín.	
CONCEPTO	IMPORTE
Honorarios técnicos	18.349,86 €
Dirección facultativa	11.558,97 €
Custo execución de Obra	627.594,17 €
TOTAL, SEN IVE	657.503,00 €
TOTAL, CON IVE	795.578,63 €

DEBE DICIR:

“En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

“CONCELLOS +RENOVABLES I” nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín			
CONCEPTO	IMPORTE (sen IVE)	IVE (21%)	IMPORTE (IVE incluído)
Honorarios técnicos	13.358,02 €	2.805,19 €	16.163,21 €
Dirección facultativa	15.592,43 €	3.274,41 €	18.866,84 €
Custe de execución da obra (OEM+GG+BI)	628.552,54 €	131.996,04 €	760.548,58 €
TOTAIS	657.502,99 €	138.075,64 €	795.578,63 €

O resto do texto permanecerá invariable.

Non obstante, o presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 31 de xullo de 2025, punto núm. 18.35506, no referente á desagregación atendendo ao concepto dos gastos, que queda como segue:

“En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

“CONCELLOS +RENOVABLES I”			
nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín			
CONCEPTO	IMPORTE (sen IVE)	IVE (21%)	IMPORTE (IVE incluído)
Honorarios técnicos	13.358,02 €	2.805,19 €	16.163,21 €
Dirección facultativa	15.592,43 €	3.274,41 €	18.866,84 €
Custe de execución da obra (OEM+GG+BI)	628.552,54 €	131.996,04 €	760.548,58 €
TOTAIS	657.502,99 €	138.075,64 €	795.578,63 €

- Darlle traslado do acordo aos *concellos de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Cooperación.

33.36194.- CORRECCIÓN DE ERRO DO ACORDO NÚM. 19.35507 DA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 31 DE XULLO DE 2025 DE ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-RENOINN-2024-000245 “CONCELLOS +RENOVABLES II; NOS MUNICIPIOS DE CAMBADOS, MOAÑA, BAIONA, NIGRÁN, A GUARDA E VILABOA” E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS. (EXPTE.2024068090)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, no seu punto núm. 19.35507, aceptou a proposta de resolución definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000245 “Concellos +Renovables II; nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa”.

Segundo.- Comproboouse a existencia dun erro material en canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflectido na táboa correspondente incluída nos antecedentes do citado acordo, e cuxo texto literal é o seguinte:

“En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:



“CONCELLOS +RENOVABLES II” <i>nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa.</i>	
CONCEPTO	IMPORTE
Honorarios técnicos	15.728,45 €
Dirección facultativa	9.907,69 €
Custo execución de Obra	537.937,86 €
TOTAL, SEN IVE	563.574,00 €
TOTAL, CON IVE	681.924,54 €

”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a corrección de erro do acordo da Xunta de Goberno do 31 de xullo de 2025, acordo núm. 19.35507, no referente á desagregación atendendo ao concepto dos gastos, de maneira que:

ONDE DÍ:

“En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

“CONCELLOS +RENOVABLES II” <i>nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa.</i>	
CONCEPTO	IMPORTE
Honorarios técnicos	15.728,45 €
Dirección facultativa	9.907,69 €
Custo execución de Obra	537.937,86 €
TOTAL, SEN IVE	563.574,00 €
TOTAL, CON IVE	681.924,54 €

“

DEBE DICIR:

“En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

“CONCELLOS +RENOVABLES II” nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa.			
CONCEPTO	IMPORTE (sen IVE)	IVE (21%)	IMPORTE (IVE incluído)
Honorarios técnicos	11.629,74 €	2.442,24 €	14.071,98 €
Dirección facultativa	13.864,14 €	2.911,46 €	16.775,60 €
Custe de execución da obra (OEM+GG+BI)	538.080,12 €	112.996,84 €	651.076,96 €
TOTAIS	563.574,00 €	118.350,54 €	681.924,54 €

”

O resto do texto permanecerá invariable.



Non obstante, o presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 31 de xullo de 2025, punto núm. 19.35507, no referente á desagregación atendendo ao concepto dos gastos, que queda como segue:

“En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctense na seguinte táboa:

“CONCELLOS +RENOVABLES II”			
nos municipios de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa.			
CONCEPTO	IMPORTE (sen IVE)	IVE (21%)	IMPORTE (IVE incluído)
Honorarios técnicos	11.629,74 €	2.442,24 €	14.071,98 €
Dirección facultativa	13.864,14 €	2.911,46 €	16.775,60 €
Custe de execución da obra (OEM+GG+BI)	538.080,12 €	112.996,84 €	651.076,96 €
TOTAIS	563.574,00 €	118.350,54 €	681.924,54 €

- Darlle traslado do acordo aos *concellos de Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Cooperación.

34.36195.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE CUNTIS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “#FAIOGALEGOVIRAL”, AO ABEIRO DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025. (EXPTE. 2025022834)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 14 de febreiro de 2025, aprobou as Bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 (Acordo núm. 5.33754), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 45 de 6 de marzo de 2025.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 16 de maio de 2025 (Acordo núm. 2.35212), concederlle ao Concello de Cuntis, con CIF P3601500F, unha subvención de 1.555,94 € para proxecto “#faiogalegoviral” con cargo á aplicación orzamentaria 25/334.3340.462.04 do orzamento provincial.



Con data de 26 de decembro de 2025 e número de rexistro WEB2025087281, o Concello de Cuntis presenta renuncia á subvención concedida no seu día debido á falta de crédito suficiente para facer fronte á achega municipal correspondente.

Con data de 29 de decembro de 2025, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 9 de xaneiro de 2026, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- ✓ Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- ✓ Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.



Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Cuntis presenta, en data de 26 de decembro de 2025, a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 para o proxecto “#faiogalegoviral”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 29 de decembro de 2025 (CSV: 8LNUH07MWRU8PJFLH) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 9 de decembro de 2025 (CSV: C68OHV0TVDOHABE4), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Cuntis* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 para o proxecto “#faiogalegoviral”. (Expte. 2025022834).
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.



35.36196.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN MUSICAL CULTURAL TIRANTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “CAMIÑA TOPONIMIA”, AO ABEIRO DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025. (EXPTE. 2025031727)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 28 de marzo de 2025, aprobou as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 (Acordo núm. 2.34965), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 71 de 14 de abril de 2025.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 26 de setembro de 2025 (Acordo núm. 2.34965), concederlle á Asociación Musical Cultural Tirante, con CIF G-94081809, unha subvención de 3.975,00 € para o programa “Camiña Toponimia” con cargo á aplicación orzamentaria 25/334.3340.489.05 do orzamento provincial.

Con data de 2 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026000184, a Asociación Musical Cultural Tirante presenta renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade executala no prazo indicado.

Con data de 7 de xaneiro de 2026, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 8 de xaneiro de 2026, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).



Con suxeición ao antedito, a Asociación Musical Cultural Tirante, en data de 2 de xaneiro de 2026, presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 para o programa “Camiña Toponimia”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 7 de xaneiro de 2026 (CSV: XWB0C6KPRF79B4Z3) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 8 de xaneiro de 2026 (CSV: N8H8SX7T2DW2P9O7), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aceptar a renuncia da *Asociación Musical Cultural Tirante* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 para o programa “Camiña Toponimia”. (Expte. 2025031727).

-Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.

-Darlle traslado do presente acordo á *Asociación Musical Cultural Tirante*, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.

36.36197.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACIÓN CASA MUSEO A SOLAINA DE PILOÑO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “1º CONCURSO DE CURTAMETRAXES DOCUMENTAIS CARLOS ASOREY MARTÍNEZ”, AO ABEIRO DAS BASES DE SUBVENCIÓN DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025. (EXPTE.2025030910)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 28 de marzo de 2025, aprobou as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 (Acordo núm. 2.34965), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 71 de 14 de abril de 2025.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 26 de setembro de 2025 (Acordo núm. 2.34965), concederlle á Fundación Casa Museo A Solaina de Piloño, con CIF G-36243764, unha subvención de 4.000,00 € para o “1º concurso de curtametraxes documentais Carlos Asorey Martínez” con cargo á aplicación orzamentaria 25/334.3340.489.05 do orzamento provincial.

Con data de 13 de xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026001895, a Fundación Casa Museo A Solaina de Piloño presenta renuncia á subvención concedida no seu día xa que, por causas sobrevidas e alleas á vontade desta entidade, non lle resulta posible levar a cabo o programa subvencionado nas condicións previstas.



Con data de 14 de xaneiro de 2026, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 15 de xaneiro de 2026, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que



permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓN

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Fundación Casa Museo A Solaina de Piloño, en data de 13 de xaneiro de 2026, presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 para o programa “1º concurso de curtametraxes documentais Carlos Asorey Martínez”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 14 de xaneiro de 2026 (CSV: 8LPSPVCOMNVT1V7H) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 15 de xaneiro de 2026 (CSV: V2P4H5BQMRYK15H6), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Fundación Casa Museo A Solaina de Piloño* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 para o “1º concurso de curtametraxes documentais Carlos Asorey Martínez”. (Expte. 2025030910).
- Declarar concluído o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á *Fundación Casa Museo A Solaina de Piloño*, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.



37.36198.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2025 (OFICINA DE TURISMO MAR DE SANTIAGO) (EXPTE. 2025018583)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de xullo de 2025 aprobou, entre outros asuntos, a concesión dunha subvención ao “CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA” (CIF P3603500D) de 7.000,00 € para o “FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍAS BAIXAS” CORRESPONDENTES AO ANO 2025”, oficina de Turismo Mar de Santiago.

O 24 de febreiro de 2026 (Ref. REX_WEB2026011755) a entidade beneficiaria presenta escrito no que informa que renuncia á subvención.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2025, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 39 de 26 de febreiro de 2025.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo



ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos e que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. Segundo o citado artigo, a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluído o procedemento, salvo que téndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Examinado o expediente, non hai motivo para non aceptar a renuncia do beneficiario á subvención.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para aceptar a renuncia é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra como órgano concedente da subvención.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia presentada polo *Concello de Vilanova de Arousa* (CIF P3606100J) á subvención concedida por importe de 7.000,00 € para o “FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍASBAIXAS” CORRESPONDENTES AO ANO 2025”, oficina de Turismo Mar de Santiago.
2. Declarar concluído o expediente e proceder ao seu arquivo.
3. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Turismo, a Intervención e ao interesado.

38.36199.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO INFO RÍASBAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2025 (PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA CASA-MUSEO VALLE INCLÁN) (EXPTE. 2025018582)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de xullo de 2025 aprobou, entre outros asuntos, a concesión dunha subvención ao “CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA” (CIF P3603500D) de 7.000,00 € para o “FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍASBAIXAS” CORRESPONDENTES AO ANO 2025”, punto de información turística Casa-Museo Valle Inclán.



O 24 de febreiro de 2026 (Ref. REX_WEB2026011755) a entidade beneficiaria presenta escrito no que informa que renuncia á subvención.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2025, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 39 de 26 de febreiro de 2025.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos e que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. Segundo o citado artigo, a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluído o procedemento, salvo que téndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Examinado o expediente, non hai motivo para non aceptar a renuncia do beneficiario á subvención.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para aceptar a renuncia é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra como órgano concedente da subvención.



III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia presentada polo Concello de Vilanova de Arousa (CIF P3606100J) á subvención concedida por importe de 7.000,00 € para o “FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍASBAIXAS” CORRESPONDENTES AO ANO 2025”, punto de información turística Casa-Museo Valle Inclán.
2. Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
3. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Turismo, a Intervención e ao interesado.

39.36200.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE. 2026009884)

Vista a relación de operacións con número 2026009884 (CSV: URA51SHT30COZUQP), que contén 2 operacións por un importe de 3.458,50 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

PROPOSTA DE ACORDO

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.458,50 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	3.458,50 €

40.36201.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2026008760, 2026008761, 2026009069, 2026009142, 2026009149)

a) Vista a relación de operacións con número 2026008760 (CSV: T9YYOWMQC9C0IT7S) que contén 5 operacións por un importe de 3.400,99 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.400,99 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	3.400,99 €



b) Vista a relación de operacións con número 2026008761 (CSV: T31C5X64A0FP2U7K) que contén 8 operacións por un importe de 10.415,48 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	10.415,48 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	10.415,48 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026009069 (CSV: TNXWVBP3A723LL63) que contén 3 operacións por un importe de 2.644,53 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	2.644,53 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	2.644,53 €

d) Vista a relación de operacións con número 2026009142 (CSV: TX583VBH7IWOJCHM), que contén 2 operacións por un importe de 434,80 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	529,80 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	95,00 €
Total líquido	434,80 €



e) Vista a relación de operacións con número 2026009149 (CSV: T9J9GV50XAMPMXSY) que contén 3 operacións por un importe de 3.339,43 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.339,43 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	3.339,43 €

41.36202.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR LESIÓN PRODUCIDAS EN ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2026006017)

Dada conta que con data 05/02/2026 (núm. rex. 2026002041), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.^a Teresa Pereira Juvino en representación de D. Francisco Javier Varela Tourón, por lesións producidas en accidente de circulación a consecuencia dunha substancia deslizante na calzada da PO-225 de Alba N-550 a San Caetano (PO-531), p.q. 0,2 en A Cendona, no Concello de Pontevedra, o día 16/09/2025, e que foi cuantificada economicamente en 7.774,25 €.

Resultando.- Que con data 10/02/2026, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 17/02/2026, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O lugar do sinistro non pertence á rede provincial de estradas (non figura no Catálogo de Estradas da Deputación nin no correspondente Inventario Provincial).

SEGUNDO.- A estrada PO-225 Alba (N-550) a San Caetano (PO-531), forma parte da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (REAGA) segundo o catálogo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Catálogo Visual de Estradas

Condições de uso e información sobre protección de datos persoais Manual

Provincia: Pontevedra

Estrada: PO-225 Alba (N-550) - San Caetano (PO-531) Treito: 1 0+000 1+050 Int. N-550 en Alba Int. PO-531 en San Caetano

Punto quilométrico: 0 + 000 IR Rede: PC (Primaria Complementaria)

Calzada (m): 14,6 Pendente (%): -2,8 UTM X: 529.382
Nº de Carrís: 3 Radio de Curvatura: -30 UTM Y: 4.701.518
Beiravía Esquerda (m): 1 UTM Z: 111
Beiravía Dereita (m): 10,5

☐ Liña Referencia



TERCEIRO.- Así queda tamén contemplado no informe que se achega coa reclamación: "Datos xerais do accidente", onde a titularidade aparece como autonómica.

DATOS GENERALES DEL ACCIDENTE

Código accidente: 202516018000120 Unidad: 3600
Unidad demarcación: DESTACAMENTO PONTEVEDRA
Agente instructor 1: J75358P Agente instructor 2: N24622S
Juzgado: ARCHIVADO EN UNIDAD Nº Expediente Policial: 1241/2025
Estado Accidente: Cierre Fecha Envío Juzgado: --
Estado Informe: Cerrado Gravedad: Daños materiales ampliado
Accidente contabilizable: Si

UBICACIÓN TEMPORAL

Fecha accidente: 16/09/25 Hora accidente: 06:20
Fecha Aviso: 16/09/25 Hora aviso: 06:30
Fecha intervención policial: 16/09/25 Hora intervención policial: 06:40
Operación paso estrecho: No

LOCALIZACIÓN

Provincia: (36) Pontevedra
Municipio: (038) Pontevedra
Población: CENDONA (A)
Isla: -- Zona: Carretera
Longitud: -8.6444938 Latitud: 42.4649654
Sentido: Ascendente Se dirige hacia: --
Tipo de vía: Carretera Convencional de calzada única
Carretera: (PO-225) De Alba (N-550) a San Caetano (PO-531)
Kilómetro: 0.2 Titularidad: Autonómica
Nudo: Fuera de intersección o nudo
Aproximación al nudo: --
Circunvalación: --



Polo tanto, o lugar onde aconteceu é competencia da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro _____

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequer a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial de Pontevedra pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifestamente carentes de fundamento”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

42.36203.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE BAIONA (EXpte. 2024071583)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 30/10/2024 (rex. núm. 2024020077), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D. Gabriel Ángel de Saa Suárez, por danos en vehículo, producidos o día 01/11/2023, a consecuencia de atoparse levantada a tapa dun sumidoiro na estrada provincial E.P. 2204 Sabarís-Belesar, no Concello de Baiona, e que cuantificou economicamente en 914,86 €.



Resultando.- Que, xunto coa instancia, achega o reclamante atestado da Garda Civil de Baiona-Nigrán (Atestado nº 2024-4609-254) no que se contén o seguinte:

A las 07:30 horas del día 01 de Noviembre de 2023 mientras se encontraban prestando servicio de Seguridad Ciudadana, los Agentes reseñados reciben aviso de base Puesto principal de Baiona para que acudan Al Km 1,500 de la EP-2204, Lugar media aldea 6, Baiona (Pontevedra), por accidente de circulación de vehículo.

Personados en el lugar los agentes observan en un vehículo marca AUDI modelo con A3 placas de matrícula 2150LTK cuya conductora se identifica mediante DNI como NURLA ALONSO BOUZADA (...) el cual presenta como desperfectos neumático delantero derecho reventado y golpe en aleta trasera derecha.

De la manifestación de la conductora se deduce que el vehículo circulaba en sentido ascendente, cuando debido a las fuertes lluvias acaecidas en los momentos previos se encuentra levantada la tapa de la alcantarilla del carril ascendente por el que circulaba. Previsiblemente golpea la tapa con el neumático delantero derecho que resulta dañado, y tras impactar con el neumático la tapa pudiera haber caído golpeando al vehículo entre la aleta y puerta trasera derecha.

01.- Détalle aleta y puerta trasera



02.-Detalle Neumático delantero derecho dañado (reventón).



Foto 03.- Vista tapa alcantarilla sentido ascendente



Foto 04.- Vista tapa alcantarilla desde carril descendente



Resultando.- Que con data 29/01/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 25/02/2025, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A estrada E.P. 2204 Sabarís-Belesar pertence á rede provincial de estradas.



O accidente tivo lugar no punto quilométrico PK 1+472 (marxe dereita) desta estrada provincial.



SEGUNDO.- Segundo describe o atestado da Garda Civil, o vehículo sinistrado atópase cunha tapa dun pozo de rexistro fóra do seu sitio e golpea con ela producindo danos no pneumático dianteiro dereito e aleta e porta dereitas traseiras.



Trala visita ó lugar do incidente polo persoal de vixilancia desta Deputación, conséntase que o pozo de rexistro no que se produciu o accidente atópase na calzada e pertence á rede de saneamento. Dita rede é de competencia municipal e pertence ó Concello de Baiona.

Na Lei 7/1985, de 2 de abril, “Reguladora das Bases do Réxime Local”, establécese, no seu artigo 25.2.c) que “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais”.

Segundo o artigo 38.5. da Lei de estradas de Galicia “As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservalos nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten o adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga.”

En concordancia, o artigo 172.1 do Regulamento Xeral de estradas de Galicia indica que “As persoas propietarias ou, de ser o caso, ocupantes ou arrendatarias de terreos, construcións, instalacións, especies vexetais e calquera outro elemento que incida, directa ou indirectamente, sobre o dominio público viario ou sobre as súas zonas de protección deberán mantelos nas debidas condicións de funcionamento, seguridade e salubridade para a estrada e as súas persoas usuarias”.

TERCEIRO.- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado como causa do accidente no ano 2023. No ano 2024 aparecen incidencias na estrada provincial pero por outros motivos alleos á incidencia sinalada (achéganse os partes rexistrados).

[Listados de Partes / Partes](#)

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	Comunicado	Finalizado	Comunica	Notas	Finalizado	Incidencia
2024	266	20/04/2024	20:16	01128	BAIONA	Sur	
		20/04/2024	20:20	01128	Sabaris - Belesar	1.5	
		20/04/2024	23:55	01128	Vilar		
				112 - SOS GALICIA	POLICIA LOCAL BAIONA		
					FOI TAMÉN SEVERINO RODRIGUEZ IGLESIAS		
					bache grande		
2024	492	16/09/2024	17:10	01128	BAIONA	Sur	
		16/09/2024	17:15	01128	Sabaris - Belesar	5.0	
		16/09/2024	20:00	01128	Vilar		
				112 - SOS GALICIA			
					Peón Severino Rodriguez Iglesias		
					TRAFICO SOLICITA MANTENIMIENTO		
2024	495	11/09/2024	17:55	05413	BAIONA	Sur	
		11/09/2024	18:00	05413	Sabaris - Belesar	1.5	
		11/09/2024	20:00	05413	Vilar		
				OTROS	DAMASO TRONCOSO (VIGILANTE CARRETERAS)		
					Agua na estrada e avería de red		



CUARTO.- *Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto en datas anteriores ou posteriores.*

Evaristo Juncal Froján

Enxeñeiro _____

Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais respecto da citada tapa de arqueta, que pertence a un pozo de rexistro da rede de saneamento de competencia municipal, con data 07/03/2025, e con fundamento no artigo 4.1, apartado c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de Baiona un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 19/03/2025 no que se recolle o seguinte:

(...) Logo da acreditación do dano procede analizar a existencia do nexco causal entre o funcionamento do servizo público e o dano producido, tendo en conta que no presente caso os danos se produciron nunha vía de titularidade provincial por mor dunha arqueta levantada, tal e como se expón no Oficio da Deputación Provincial de Pontevedra polo que se solicita informe a este Concello no trámite de audiencia.

Respecto ao funcionamento do servizo público cabe sinalar que o municipio, conforme os artigos 25 e 26 de la LBRL, ten atribuída a competencia en materia de abastecemento de auga e evacuación de augas residuais.

A este respecto debemos dicir que o Concello de Baiona ten adxudicado o servizo de xestión do servizo público de explotación do ciclo integral da auga do Concello de Baiona, servizo que comprende tanto o abastecemento da auga coma o saneamento.

Este servizo adxudicouse o amparo do TRLCSP RD Leg 3/2011. En primeiro lugar, temos que facer referencia ao réxime xurídico aplicable no presente caso, a este respecto debemos de estar ao disposto no apartado 2 da Disposición transitoria primeira da LCSP; (...)

Neste senso o artigo 214 do TRLCSP, RD Leg 3/2011, regula a este respecto o seguinte; “1. Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.”

Esta mesma obriga se sinala no PCAP que rexú a licitación, en concreto nas cláusulas 4.2.e) que establece como unha obriga do concesionario “Indemnizar os danos que se causen a terceiros coma consecuencia das operacións que requiran o desenvolvemento dos servizos, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á administración.”

A maiores tamén se recolle no artigo 33 do Prego de Prescricións Técnicas na que se establece que; “El concesionario será responsable directo de los daños y/o perjuicios que pudiera ocasionar a terceros derivados de la actividad consecuencia de la concesión.”

A maior abundamento, podemos citar a sentenza N.º 18/2024 dictada con data 25 de xaneiro de 2024 no Procedemento Abreviado 315/23, do Xulgado Contencioso Administrativo N.º-2 de Vigo; Sentencia que no seu fundamento xurídico segundo



expón o seguinte; “También hemos señalado anteriormente que desde el prisma sustantivo, la responsabilidad patrimonial del contratista en la causación de daños a terceros, que deriven directa o indirectamente de la prestación del servicio público que tiene concedido, resulta indiscutible a la luz de preceptos como el art. 214 del antiguo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (en adelante, LCSP), cuando indicaba: “Será obligación del contratista indemnizar todos los daños y perjuicios que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera la ejecución del contrato.”

En idénticos términos el actual art. 196 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (...)

A vista do anteriormente exposto se entende por parte do Concello de Baiona que non queda acreditado que o dano producido sexa consecuencia por unha causa imputable a esta administración toda vez que de conformidade co artigo 214 do TRLCSP, RD Leg 3/2011, e cláusula 4.2.e) do PCAP que rexú a licitación do servizo público de explotación do ciclo integral da auga do Concello de Baiona a responsabilidade polos danos producidos lle correspondería a mercantil adxudicataria GESTAGUA.

Resultando.- Que con data 25/03/2025, e con fundamento no artigo 4.1, letra c), da Lei 39/2015, emprazouse como interesada no procedemento á mercantil GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A. (GESTAGUA), conferíndolle un prazo de dez días para que puidera realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 08/04/2025, co seguinte contido:

(...) No consta parte de trabajo alguno en el lugar y la fecha indicados, no habiéndose tenido noticia alguna de una tapa de alcantarillado mal colocada en dicho lugar, tal y como refiere el informe técnico que consta en las actuaciones. Además, a la vista de las fotografías, la mencionada tapa no se encuentra en la vía, sino fuera de la misma, por donde no deben circular los vehículos.

En todo caso, de ser cierto que la tapa de registro se encontraba fuera de su sitio, al ser perfectamente visible, hubiera sido advertido por la conductora de haber circulado a la velocidad indicada para dicha vía, teniendo en cuenta las condiciones climatológicas recogidas en el Atestado.

En todo caso resulta cuanto menos extraño que la tapa golpeará el neumático delantero derecho y, posteriormente, cayera sobre el vehículo golpeando la aleta y puerta trasera derecha.

A la vista del mencionado Atestado, se observa que los firmantes del mismo se limitan a recoger las manifestaciones de la conductora. Si se produjo algún movimiento en la tapa de la alcantarilla, éste tuvo su origen, como manifiestan los Agentes, en las lluvias torrenciales caídas en ese momento, por lo que nos encontraríamos ante un supuesto de fuerza mayor, del todo imprevisible e inevitable por parte de mi representada.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2003381, de data 29/04/2025, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento ó non ser factible a súa resolución no prazo establecido.



Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Segundo o recollido no atestado da Garda Civil de Baiona-Nigrán, da manifestación da condutora dedúcese que o vehículo circulaba en sentido ascendente, cando debido ás fortes choivas acaecidas nos momentos previos ó accidente, atópase levantada a tapa da arqueta do carril ascendente polo que circulaba.
- No informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, de data 250/02/2025, recóllese que a tapa coa que bateu o vehículo pertence a un pozo de rexistro da rede de saneamento.
- A citada rede é de competencia municipal e pertence ó Concello de Baiona.
- Segundo o establecido no artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, “Reguladora das Bases do Réxime Local”, establécese, que “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- Asemade, o artigo 38.5. da Lei de estradas de Galicia recolle que “*As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservarlas nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten o adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga.*”
- Do mesmo xeito, o artigo 172.1 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia establece: “*As persoas propietarias ou, de ser o caso, ocupantes ou arrendatarias de terreos, construcións, instalacións, especies vexetais e calquera outro elemento que incida, directa ou indirectamente, sobre o dominio público viario ou sobre as súas zonas de protección deberán mantelos nas debidas condicións de funcionamento, seguridade e salubridade para a estrada e as súas persoas usuarias.*”



- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias polo motivo sinalado como causa do accidente no ano 2023.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía sobre a que se atopa a arqueta, toda vez que o obxecto da reclamación é un defecto dun elemento pertencente á rede de saneamento municipal do cal non se tivo constancia, non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle no seu artigo 25.2, letra c) como competencias propias do Municipio o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais, por iso, no presente caso a responsabilidade recae sobre o Concello de Baiona, motivo polo cal a solicitude de indemnización debe ser rexeitada.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.



43.36204.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VIVENDA NO CONCELLO DE PONTE CALDELAS (EXPT. 2023069953)

Dada conta que con data de rexistro 16/11/2023 (rex. núm. WEB2023063419), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Ángel Rodríguez Muíños en representación de D. José Antonio Canda Rodríguez, por danos na súa vivenda, sita na rúa Lepanto nº 26, no Concello de Ponte Caldelas, producidos, segundo manifesta, polas inundacións ocasionadas o día 01/11/2023, a consecuencia das obras levadas a cabo pola Deputación na estrada (E.P. 0407), e que non foi cuantificada economicamente.

Resultando.- Que relata o reclamante o seguinte: *“O pasado 3 de novembro, presenteí unha queixa en relación coas inundacións sufridas na miña propiedade como consecuencia das obras levadas a cabo por esa entidade na súa anterior etapa, na rúa Lepanto á altura do número 26 (adxunto copia do rexistro de entrada de dita queixa). Que realizada a visita do enxeñeiro e técnicos desa Administración, sobre o terreo e tomada nota das actuacións a levar a cabo para a subsanación do problema, sinalárame a conveniencia de manifestar ante a Asesoría Xurídica desa Administración os desperfectos ocasionados polos incidentes acaecidos para valorar e poder facerse cargo dos mesmos. Os danos materiais consisten en estragamento dunha lavadora, unha caldeira de calefacción, un depósito de gasoil, instalación eléctrica da ubicación anexa á vivenda, danos internos na vivenda por filtración de auga”.*

Resultando.- Que con data 27/11/2023, requiríuse ó interesado para que de conformidade co disposto nos artigos 18 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, subsanara a instancia do xeito que se relaciona a continuación:

- Acreditando a representación.
- Sinalando a data ou datas nas que se produciron os danos.
- Aportando o título de propiedade da vivenda.
- Achegando certificación feita pola aseguradora do fogar na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por estes danos.

Resultando.- Que con data 27/11/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi remitido na data 18/12/2023, co seguinte contido:

A obra en cuestión é a de “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0407 BORELA – PONTE CALDELAS. DO PQ 8+775 Ó PQ 9+000. CONCELLO DE PONTE CALDELAS”, realizada grazas a un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponte Caldelas formalizado con data 18 de febreiro de 2022.



No convenio de colaboración entre ambas administracións, asinado por Dña. María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, e por D. Andrés Díaz Sobral, na súa condición de alcalde do Concello de Ponte Caldelas, dando fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, se manifesta, nos seus puntos V, VI, VII e VIII, que:

“V.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da Estrada Provincial EP 0407 Borela – Ponte Caldelas, que transcorre polo Concello de Ponte Caldelas e que ten unha lonxitude de 9.000 m.

VI.- Que entre o PQ 8+775 e o PQ 9+000 da EP 0407 Borela – Ponte Caldelas atópase a Rúa Lepanto. Na actualidade a rúa está composta por dous carrís, un para cada sentido de circulación, cunha pequena zona de estacionamento en batería na marxe esquerda da estrada, en fronte á zona de estacionamento do Centro de Saúde, e tramos de beirarrúas descontinuos en ámbalas marxes, cuns anchos que incumpren na actualidade a Lei de accesibilidade de Galicia, atopándonos cunha rúa que ten a maioría da totalidade do espazo público dedicado ao vehículo motorizado, sen itinerarios peonís cuns anchos e unhas calidades desaxeitadas para una zona moi frecuentada diariamente por peóns ó atoparse no centro urbano do Concello de Ponte Caldelas, ter edificacións consolidadas en ámbalas marxes da rúa e servir de acceso a importantes equipamentos municipais como son a Casa do Concello e o Centro de Saúde.

Debido ó mal estado da Rúa Lepanto, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na EP 0407 Borela – Ponte Caldelas. Do PQ 8+775 ao PQ 9+000. Concello de Ponte Caldelas” para dotar á rúa dun espazo público de calidade, realizando un cambio de prioridade co fin de garantir a mobilidade peonil por diante de outros modos de transporte, atendendo de xeito prioritario ás necesidades dos colectivos máis vulnerables: nenos e nenas, persoas maiores e persoas con diversidade funcional, e garantindo a accesibilidade universal na totalidade do ámbito de actuación, dotando á rúa dun espazo peonil amable e de calidade, cuns itinerarios peonís continuos, libres de obstáculos e con ancho mínimo de 2,5 m, e con plataforma única de prioridade peonil entre os PQ 8+780 e PQ 8+830 ó tratarse dunha zona onde o ancho da rúa non permite realizar itinerarios peonís segregados dos vehículos motorizados. A maiores, coa redacción do proxecto búscase reducir o uso do vehículo a motor na rúa, conseguindo un incremento da seguridade viaria mediante a implantación de políticas de calmado de tráfico, contemplando o proxecto dobre sentido de circulación desde o PQ 8+775 ata a intersección coa Avenida de Galicia e un único carril de circulación desde esta intersección ata o PQ 9+000 da estrada provincial, con sentido de circulación ascendente, mantendo na totalidade da rúa velocidades máximas de 30 km/h, menos na zona de convivencia con preferencia peonil que se contemplará unha velocidade máxima de 20 km/h.

VII.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Ponte Caldelas, e concretamente no tramo da Rúa Lepanto, situado entre o PQ 8+775 e o PQ 9+000 da EP 0407 Borela – Ponte Caldelas, sendo o obxecto principal do proxecto a recuperación desta rúa entregada na actualidade ao vehículo motorizado, realizando un cambio de uso e entregándolle gran parte deste espazo público aos peóns, deseñando a rúa ata a intersección coa Avenida de Galicia con dobre sentido de circulación e beirarrúa de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda, e desde a intersección coa Avenida de Galicia ata o final da estrada provincial cun único carril de circulación, de sentido ascendente, e beirarrúas en ámbalas marxes de ancho mínimo 2,50 metros. A maiores, no tramo comprendido entre os PQ 8+780 e PQ 8+830 da EP 0407, pola existencia dunha zona estreita con edificacións consolidadas en ámbalas marxes da estrada, realízase unha zona de convivencia elevada 10cm con respecto da rasante da estrada actual e con prioridade peonil. Por último, utilizarase para o deseño do novo espazo público pavimentos de alta calidade que dignifiquen a rúa, executando as beirarrúas con bordos e lousas de pedra e a zona de convivencia en formigón coloreado e bandas transversais de pedra, con xardinería e colocación de luminarias modernas e de deseño.”



VIII.- Que o proxecto contempla tamén a execución de pequenas variacións na rede de pluviais existente, co fin de adaptala ao novo deseño da rúa, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes na actualidade en aéreo, e a execución dunha nova rede de alumeadado público con luminarias LED de alto rendemento.

Tal e como se especifica no convenio de colaboración, e así o reflicta o proxecto construtivo da obra, no tramo comprendido entre os PQ 8+780 e PQ 8+830 da EP 0407, tramo onde se atopa a vivenda indicada, pola existencia dunha zona estreita con edificacións consolidadas en ámbalas marxes da estrada, se contempla executar unha zona de convivencia con prioridade peonil, en formigón coloreado e bandas transversais de pedra e elevada 10cm con respecto da rasante da estrada actual, co fin de acougar a velocidade dos vehículos que accedan a ela, realizando nesta zona estreita unha plataforma onde os vehículos deben acceder a ela a unha velocidade máxima permitida de 20 km/h e outorgándolle sempre unha preferencia aos peóns que se atopen na mesma. A maiores, se contempla o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes en aéreo, e a execución dunha nova rede de alumeadado público con luminarias LED. Por último, o proxecto contempla executar pequenas variacións na rede de pluviais existentes co fin de adaptala ao novo deseño da rúa, consistindo estas pequenas variacións en executar novos sumidoiros nos puntos onde sexan necesarios para que non exista auga acumulada das choivas en superficie, contemplando o proxecto conectar estes novos sumidoiros á rede de pluviais existente antes da actuación ó atoparse en perfecto estado.

Na zona indicada polo interesado, entre os PQ 8+780 e PQ 8+830 da EP 0407, mantivéronse os sumidoiros existentes antes da actuación, existindo xusto antes da rampla de entrada á zona de convivencia un sumidoiro en perfecto estado (marxe dereita), e unha reixa transversal que cruzaba a totalidade do ancho da estrada, decidindo durante a execución das obras realizar unicamente un novo sumidoiro antes da rampla de entrada á zona de convivencia na marxe esquerda, por precaución e para reforzar a recollida das augas pluviais os días de fortes precipitacións, conectándoo á rede de pluviais existente tal e como contemplaba o proxecto.



Entrada á plataforma de preferencia peonil executada durante as obras, sobreelevando a rasante da estrada para acougar a velocidade dos vehículos, mantendo o sumidoiro da marxe dereita e a reixa transversal existentes antes da actuación, e reforzando a recollida das augas pluviais coa execución dun novo sumidoiro na marxe esquerda.



Tras recibir escrito no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais con data 03 de novembro de 2023 por parte do interesado, onde alegaba que “formulo a seguinte queixa en relación coa obra levada a cabo por ese organismo na súa anterior etapa, no Concello de Ponte Caldelas, mais concretamente na humanización da rúa Lepanto, levando a cabo actuacións consistentes en ancheado de beirarrúas, novas luminarias, elevación de lombos e asfaltado e formigonado, entre outras. En relación coa elevación doombo sobre a estrada, executado á altura da vivenda numero 26 na que habita miña tía Marija Canda Rodríguez, e motivado polas recentes e fortes chuvias prodúcese unha inundación de tal magnitude que a auga que baixa por dita rúa antes mencionada, non supera a altura doombo e, polo lateral da estrada, métese de cheo dentro da vivenda, causando importantes danos, neste caso estragou completamente a caldeira, a lavadora, o depósito de gasoil de 700 litros, e deixou sen luz a casa, na que como lle dixen antes vive miña tía de 86 anos de idade e non se pode ter así porque é unha situación insostible. se adxunta vídeos da situación acontecida e fotos do problema en cuestión. Prego por tanto se tomen medidas dende esa administración xa que nunca antes da existencia de dita elevación ouombo tiña acontecido nada semellante, e estamos a falar dunha vivenda onde vive unha persoa soa de avanzada idade, causándolle un problema onde antes non había nada”, o enxeñeiro responsable das obras acude á zona de actuación o día 16 de novembro do 2023 coa empresa executora das mesmas, co fin de analizar e ver as posibles deficiencias existentes, observando que as obras executadas no proxecto de “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0407 BORELA- PONTE CALDELAS. DO PQ 8+775 Ó PQ 9+000. CONCELLO DE PONTE CALDELAS” atópanse en perfecto estado, traballando os sumidoiros executados e os que se mantiveron sen ningún tipo de problema, determinando que o problema debeu producirse polas fortes choivas acaecidas durante os meses de outubro e novembro que fixeron que, en días puntuais de fortes e inusuais choivas, a rede de recollida das augas pluviais da estrada provincial existente antes das obras entrara en carga pola cantidade de auga en superficie para recoller, véndose incrementado o problema ó sumar a esta cantidade inusual de auga os efectos adversos propios de concatenación de fortes borrascas en outono como son os arrastres de follas das árbores, arrastres de ramas, terra, pedras, etc., que facilitan o taponamento, parcial ou total, e a redución de sección útil das tubaxes de recollida de augas pluviais.

Debido a que a rede de recollida de augas pluviais existente na zona da vivenda afectada non é unha rede nova, senón que o proxecto executado contemplaba manter a rede de pluviais existente ó atoparse en perfecto estado, o enxeñeiro responsable da obra notificoulle esta incidencia ao departamento de conservación de Infraestruturas e Vías Provinciais, atopándose na actualidade estudando o estado da mesma para solucionar a posible existencia dalgún tipo de atranco na rede de pluviais froito da combinación de concatenación de fortes e inusuais borrascas con arrastres de follas, terras ou pedras.

Francisco Rosendo Alonso Fernández

Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais

Resultando.- Que con data 20/12/2023, recíbese instancia na que o reclamante comunica que a data na que se produciron os danos foi o 01/11/2023, e declara que a vivenda non está asegurada en ningunha compañía, aportando, asemade, escrito de outorgamento da representación e título de propiedade da vivenda.

Resultando.- Que con data 07/03/2024, José Antonio Canda Rodríguez remite tickets e facturas xustificativas dos danos ocasionados cuxa suma ascende a 867,61 €.



Resultando.- Que con data 21/05/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais acerca do resultado do estudo que estaban a realizar, segundo o relatado no informe dese Servizo de data 18/12/2023, no que se di o seguinte:

Debido a que a rede de recollida de augas pluviais existente na zona da vivenda afectada non é unha rede nova, senón que o proxecto executado contemplaba manter a rede de pluviais existente ó atoparse en perfecto estado, o enxeñeiro responsable da obra notificoulle esta incidencia ao departamento de conservación de Infraestruturas e Vías Provinciais, atopándose na actualidade estudando o estado da mesma para solucionar a posible existencia dalgún tipo de atranco na rede de pluviais froito da combinación de concatenación de fortes e inusuais borrascas con arrastres de follas, terras ou pedras.

Resultando.- Que con data 24/05/2024, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais remite informe técnico complementario co seguinte contido literal:

- 1. Durante os traballos da inspección con vídeo cámara da rede de pluviais existente entre os PQ 8+780 e PQ 8+830 da EP 0407 atopouse un atranco na rede, motivado polos arrastres de follas, terras e pedras producidos polas fortes choivas durante o inverno, véndose danada a tubaxe existente.*
- 2. Tras detectar o atranco, o departamento de conservación de Infraestruturas e Vías Provinciais procedeu a subsanar a incidencia mediante a substitución do treito da rede que se atopaba obstruída e en mal estado, dando solución ao problema do atranco da rede neste punto.*
- 3. A día de hoxe, e tras varios períodos de fortes choivas consecutivas, non existe constancia de novos problemas con esa rede, considerando que a obstrución puntual quedou subsanada e a rede de pluviais existente nesta estrada provincial está traballando sen ningún tipo de problema.*

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais,
Francisco Alonso Fernández_____

Resultando.- Que con data 28/05/2024, solicitouse novamente informe complementario ó Servizo de Infraestruturas, acerca dos seguintes extremos:

- Empresa que realizou a obra.
- Se levaron a cabo algunha actuación con posterioridade á visita realizada polo reclamante na data 15/10/2024, na que veu manifestar que coas fortes choivas do temporal Kirk a auga volveu entrar na vivenda.

Resultando.- Que con data 21/07/2025, o Servizo de Infraestruturas remite informe complementario co seguinte contido literal:

- 1. A empresa executora das obras foi Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U.*



2. Tal e como se especifica no informe asinado con data 24 de maio de 2024 por parte de D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais nese momento, “1. Durante os traballos da inspección con vídeo cámara da rede de pluviais existente entre os PQ 8+780 e PQ 8+830 da EP 0407 atopouse un atranco na rede, motivado polos arrastres de follas, terras e pedras producidos polas fortes choivas durante o inverno, véndose danada a tubaxe existente. 2. Tras detectar o atranco, o departamento de conservación de Infraestruturas e Vías Provinciais proceden a subsanar a incidencia mediante a substitución do treito da rede que se atopaba obstruída e en mal estado, dando solución ao problema do atranco da rede neste punto. 3. A día de hoxe, e tras varios períodos de fortes choivas consecutivas, non existe constancia de novos problemas con esa rede, considerando que a obstrución puntual quedou subsanada e a rede de pluviais existente nesta estrada provincial está traballando sen ningún tipo de problema”.

3. Unha vez subsanado o atranco indicado no informe de D. Francisco Alonso Fernández, non se realizou na rede de pluviais ningún tipo de actuación a maiores.

Xefatura de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas,
Jaime David Ruibal de Sola_____

Resultando.- Que con data 21/01/2026, e con fundamento no artigo 4.1, apartado c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse a Construcciones Taboada y Ramos, S.L. un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 03/02/2026, no que se contén o seguinte:

(...) En este caso no se ha acreditado la existencia de nexo causal directo, inmediato y exclusivo entre los daños presuntamente sufridos en la vivienda y el funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos, sin la intervención de elementos extraños que pudieran haber influido alterando la relación de causalidad exigida. Y es que la reclamante no ha probado que la filtración de agua tenga como causa directa la ejecución de las obras previamente identificadas, lo que es más, según se desprende del expediente la causa de la inundación se debería a causas no imputables a la Administración Pública. Veamos.

- En primer lugar, la reclamación de responsabilidad patrimonial formulada no contiene un relato fáctico o antecedentes de hecho concretos que permita (mínimamente) apreciar que la ejecución de las obras constituye la causa de inundación que se habría producido en la vivienda, sin que exista un sustrato fáctico claro, ante cuya insuficiencia resulta imposible apreciar nexo causal alguno, debiendo desestimarse íntegramente la reclamación formulada.

Es más, la reclamación patrimonial formulada no realiza exposición alguna de los hechos sobre los que entiende probada la relación de causalidad entre los daños sufridos por su asegurado y el funcionamiento de un servicio público. Únicamente indica a este respecto que:

outras. En relación coa elevación do lombo sobre a estrada, executado á altura da vivenda numero 26 na que habita miña tía Maruja Canda Rodriguez, e motivado polas recentes e fortes chuvias prodúcese unha inundación de tal magnitude que a auga que baixa por dita rúa antes mencionada, non supera a altura do lombo e, polo lateral da estrada, métese de cheo dentro da vivenda, causando importantes danos, neste caso estragou completamente a caldeira, a lavadora, o depósito de gasoil de 700 litros, e deixou sen luz a casa, na que como lle dixen antes vive miña tía de 86 anos de idade e non se pode ter así porque é unha situación insostible. se



- En segundo lugar, y como pone de manifesto el Informe del Servicio Técnico de Infraestructuras y Vías Provinciales de la Diputación de Pontevedra de 18 de diciembre de 2023 indicó que el problema se habría producido por la conjunción de fuertes e inusuales lluvias en esos meses, así como por el taponamiento de los sumideros por arrastre de ramas, hojas de árboles, tierra y pedras y, por tanto, no a la ejecución indebida o deficiente de las obras:

mantiveron sen ningún tipo de problema, determinando que o problema debeu producirse polas fortes choivas acaecidas durante os meses de outubro e novembro que fixeron que, en días puntuais de fortes e inusuais choivas, a rede de recollida das augas pluviais da estrada provincial existente antes das obras entrara en carga pola cantidade de auga en superficie para recoller, véndose incrementado o problema ó sumar a esta cantidade inusual de auga os efectos adversos propios de concadenación de fortes borrascas en outono como son os arrastres de follas das árbores, arrastres de ramas, terra, pedras, etc., que facilitan o taponamento, parcial ou total, e a redución de sección útil das tubaxes de recollida de augas pluviais.

Así lo ha confirmado también el Informe de la Jefatura de este mismo servicio de 24 de mayo de 2024 (...) Y, de igual modo, lo ha afirmado la Jefatura de la Sección de Proyectos de este mismo servicio de 21 de julio de 2025 (...)

En este sentido, debe señalarse que las condiciones meteorológicas en el municipio de Ponte Caldelas en las fechas indicadas por el reclamante eran especialmente adversas como ha reconocido éste en su reclamación y como también han advertido los servicios técnicos.

De hecho, al margen de que no ha quedado acreditado que no se produjesen otras filtraciones con anterioridad a la realización de las obras, esta filtración parece limitarse a momentos de lluvia continuada (circunstancias meteorológicas que no son reprochables a la Administración ni a mi representada, y que en todo caso habrían afectado a una fase de la obra en la que, por su propia naturaleza, había presencia de tierra en determinados puntos).

- En tercer lugar, el preceptivo nexo causal directo, inmediato y exclusivo exigido se habría visto enervado, toda vez que la ejecución de las obras no habría sido la causa de los daños presuntamente sufridos, no siendo imputables a la Administración (ni, por tanto, a mi representada).

Pues bien, a pesar de las afirmaciones vacías y genéricas realizadas en la reclamación, cabe destacar que las obras no eran susceptibles de causar daños en la vivienda y, por tanto, no eran responsabilidad de la Administración (ni por extensión de mi representada), máxime si atendemos a que las condiciones meteorológicas habrían influido en la producción de los daños (puesto que el propio reclamante y los informes técnicos destacan que se produjeron periodos de precipitaciones abundantes).

- Finalmente, tampoco puede aseverarse que la entrada de agua no se deba a deficiencias en la propia vivienda si ésta no tiene una adecuada impermeabilización o está debidamente aislada. Así, en supuestos análogos al que ahora nos ocupa, nuestros Tribunales han entendido que no es posible apreciar responsabilidad patrimonial por parte de la Administración (ni, por tanto, de mi representada en su condición de adjudicataria del contrato) por cuanto que el resultado lesivo se habría visto precipitado por un agente externo ajeno al control y actuar administrativos. En este sentido, se pronuncia la Sentencia nº 66/2013 del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº3 de Bilbao, de 20 de marzo de 2013 (rec. 453/2011), en un supuesto análogo al que nos ocupa: (...) “No puede establecerse que las filtraciones de agua al semisótano trajeran causa directa e inmediata de la obra pública, ello no se infiere del mero levantamiento de la baldosa, ni cabe excluir como factor eficiente del siniestro las deficiencias del propio inmueble frente a condiciones meteorológicas particularmente adversas”.



De lo anterior se deriva que no cabe reprochar los presuntos daños sufridos por la reclamante a la Administración (ni, en consecuencia, a mi representada), puesto que la primera no ha desplegado una actividad probatoria como para acreditar que existe un nexo causal directo, inmediato y exclusivo entre las obras ejecutadas y la filtración de agua, máxime si atendemos a que no se ha descartado que existan deficiencias.

Sin perjuicio de que como se ha expuesto en la alegación segunda del presente escrito la reclamación patrimonial que nos ocupa debe ser desestimada, dada la condición de mi representada de adjudicataria del contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, do P.Q. 8+775 ó P.Q. 9+000”, resulta preciso poner de manifiesto que ésta ha cumplido de forma estricta con todas las obligaciones que le son exigibles en su calidad de contratista, sin que en el marco del presente expediente haya quedado acreditado en modo alguno lo contrario.

Mi representada desarrolló las obras conforme estaba previsto y, de hecho, las obras fueron recibidas debidamente según consta en el Acta de recepción de obra favorable suscrita en fecha 15 de junio de 2023 por el director de obra, el representante de la Administración y el facultativo escogido por la contratista. Según el Acta de recepción suscrita las obras se encontraban en buen estado para su recepción y se habían realizado con arreglo a las prescripciones técnicas previstas en el contrato y las directrices de los facultativos técnicos designados (...).

De hecho, el Informe técnico de 18 de diciembre de 2023 puso de manifiesto que los sumideros ejecutados se encontraban, al igual que las obras, en perfecto estado:

BORELA – PONTE CALDELAS. DO PQ 8+775 Ó PQ 9+000. CONCELLO DE PONTE CALDELAS” atópanse en perfecto estado, traballando os sumidoiros executados e os que se mantiveron sen ningún tipo de problema, determinando que o problema debeu producirse

Si bien, la red de recogida de aguas de la zona de la vivienda afectada no era nueva, por lo que la responsabilidad era del Departamento de conservación del Infraestructuras e Vías Provinciais y, por tanto, en ningún caso, de mi representada:

Debido a que a rede de recollida de augas pluviais existente na zona da vivenda afectada non é unha rede nova, senón que o proxecto executado contemplaba manter a rede de pluviais existente ó atoparse en perfecto estado, o enxeñeiro responsable da obra notificoulle esta incidencia ao departamento de conservación de Infraestruturas e Vías Provinciais, atopándose na actualidade estudando o estado da mesma para solucionar a posible existencia dalgún tipo de atranco na rede de pluviais froito da combinación de concadenación de fortes e inusuais borrascas con arrastres de follas, terras ou pedras.

Por tanto, no puede responsabilizarse a mi representada por cualquier riesgo inherente a la ejecución de cualquier obra de estas características en un contexto de fuertes lluvias.



De lo expuesto se deriva, necesariamente, que no se puede exigir a mi representada ninguna responsabilidad en relación con la filtración de agua, puesto que en todo momento ésta ha cumplido diligentemente con las obligaciones suscritas, sin que sea imputable a las obras ejecutadas dicha inundación, que se debe a la obstrucción de una red de recogida de aguas pluviales que no acababa de ser ejecutada y, además, en un contexto de fuertes precipitaciones, sin que en el marco de este expediente haya quedado acreditado en modo alguno lo contrario.

Por consiguiente, no existe título bastante de imputación de responsabilidad a la Administración ni a mi representada, toda vez que de la reclamación patrimonial presentada no ha quedado acreditado que la ejecución de las obras hayan sido la causa directa, exclusiva e inmediata de la inundación ocurrida en la vivienda.

Es más, de la documentación obrante en el expediente administrativo ha quedado reflejado que la reclamante no ha desplegado la más mínima actividad probatoria tendente a acreditar la exigida relación de causalidad, limitándose a deducir que los daños sufridos eran achacables a las obras que mi representada había ejecutado.

Considerando.- Que no presente procedimiento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no relativo ó prazo para resolver, e iso debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detención material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que semellan eximila de responsabilidade:

- Segundo o relatado polo reclamante na queixa presentada na data 03/11/2023, a inundación ven motivada polas recentes e fortes choivas.
- O enxeñeiro responsable das obras que acudiu á zona de actuación o día 16/11/2023 coa empresa executora das mesmas, observa que as obras atópanse en perfecto estado e os sumidoiros sen ningún tipo de fallo.



- No lugar determinaron que o problema debeu producirse polas fortes e inusuais choivas acaecidas durante os meses de outubro e novembro que fixeron que a rede de recollida das augas pluviais da estrada provincial existente antes das obras entrara en carga pola cantidade de auga en superficie para recoller.
- Este problema viuse incrementado ó sumarlle os efectos adversos propios da concatenación de fortes borrascas, como son os arrastres de follas das árbores, arrastres de ramas, terra, pedras, etc., que facilitan o taponamento e a redución de sección das tubaxes de recollida de augas pluviais.
- Así, durante os traballos de inspección con vídeo cámara da rede de pluviais atopouse un atranco, motivado polos arrastres de follas, terras e pedras producidos polas fortes choivas, véndose danada a tubaxe existente.
- O departamento de conservación de Infraestruturas e Vías Provinciais procedeu a subsanar a incidencia mediante a substitución do treito da rede que se atopaba obstruída e en mal estado, dando solución ao problema do atranco da rede neste punto.
- Posteriormente, e tras varios períodos de fortes choivas consecutivas, non existe constancia de novos problemas, considerando que a obstrución foi puntual e quedou subsanada.
- Non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que tramitados procedementos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, ó considerarse suficiente a rede de drenaxe de pluviais e producirse as inundacións en momentos puntuais de fortes choivas; e que atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que en supostos con con identidade de razón (supostos danos en vivenda ocasionados por augas pluviais), o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra eximiu de toda responsabilidade a esta Deputación, baseándose no seguinte:

- Sentenza 176/20: “(...) *De la valoración conjunta de la prueba practicada se concluye la desestimación del recurso, y ello porque el actor no ha conseguido demostrar mínimamente la existencia de una relación de causalidad entre el desperfecto de la carretera provincial y los daños*”.

Considerando.- Que esta liña argumental é a que recolle o mesmo Xulgado na Sentenza 218/2022, ó desestimar a demanda contra a Deputación por danos nunha finca a consecuencia das augas pluviais provenientes da estrada provincial dada a insuficiencia probatoria da imputabilidade do dano ó



funcionamento do servizo público da Deputación, ao producirse as inundacións en momentos puntuais de fortes choivas, pola obstrución dos desagües do vial por arrastres.

Considerando.- Que en supostos similares, os Xulgados desestimaron os recursos presentados: a Sentenza 133/2021, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de O Porriño, de 13/07/2021, en Autos de Procedemento Ordinario 0000357/2019, e a Sentenza 187/2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditos precedentes obran na Asesoría Xurídica da Deputación) nos que, exonerando á Deputación da reclamación económica, veuse dicir, respectivamente, que é preciso acreditar a disfuncionalidade da infraestrutura para poder atribuír os danos á Administración -na primeira delas- e que é necesario acreditar cabalmente os danos e prexuízos e establecer unha relación de causalidade indubitada entre a pretensión indemnizatoria e o funcionamento do servizo público -na segunda- que, obxectivamente, non se aprecia no presente suposto.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

44.36205.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA XIMNASIO MUNICIPAL” (EXPTE. 2025082482)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).



- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Forcarei o importe que lle corresponde é de 94.662,52€.
- En data 23/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087036) dunha petición do Concello, emendada nas datas 13/02/2026 (núms. Rexistro WEB2026009531), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 94.662,52 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Dotación de equipamentos para gimnasio municipal”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 17/02/2026.
- Así mesmo 17/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 02/03/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada



solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.



CONCLUSIÓN

A solicitude do Concello de Forcarei relativa ao financiamento do investimento denominado “Dotación de equipamentos para gimnasio municipal” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adaptación ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 94.662,52€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Conceder ao *Concello de Forcarei*, CIF P3601800J a cantidade de 94.662,52 € con destino ao financiamento do investimento “Dotación de equipamentos para gimnasio municipal” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

-Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.

-Dar traslado do presente acordo ao *Concello do Forcarei*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

45.36206.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026 E 2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO ENTORNO DAS RÚAS RÍO SIL, UMIA, OITAVEN (SAN SALVADOR)” (EXPTE. 2026005098)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 28/01/2026, mediante rexistro WEB2026005267, emendado en data 06/02/2026, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de POIO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 794.783,19 euros, distribuída en dúas anualidades, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DO ENTORNO DAS RUAS RIO SIL, UMIA, OITAVEN (SAN SALVADOR)” (exp.: 2026005098), cuxo orzamento ascende ao 794.783,19 euros.

Deste modo, a petición do Concello de Poio queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027- €	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	227.717,07	227.717,07	-	-
2027	567.066,12	567.066,12	-	-
TOTAL	794.783,19	794.783,19	-	-

- Consta no expediente o informe da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non son precisas autorizacións sectoriais para executar a actuación.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)

-Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público

-Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)

-Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)

-Bases de execución do vixente orzamento provincial

-Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027

-Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

-Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

-Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.

-Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

-Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.

-Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

-Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.

-Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.

-Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.

-Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.

-Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.

-Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.

-Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans,



programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.

-Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.

-Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/03/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 02/03/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/03/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Conceder ao *concello de Poio*, CIF: P3604100B, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 794.783,19 euros, distribuída en dúas anualidades, correspondendo 227.717,07 euros á anualidade 2026 e 567.066,12 á anualidade 2027, co obxecto do financiamento da actuación “MELLORA DO ENTORNO DAS RUAS RIO SIL, UMIA, OITAVEN (SAN SALVADOR)” (Exp.: 2026005098), cuxo orzamento ascende a 794.783,19 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026- 2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	227.717,07	227.717,07	-	-
2027	567.066,12	567.066,12	-	-
TOTAL	794.783,19	794.783,19	-	-

-Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 na que existe crédito para facer fronte á anualidade 2026 e para o que se emitiu o documento RC N°. 12026000045116 por importe de 227.717,07 €. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.



-Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.

-A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

-Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O investimento subvencionado (anualidade 2027), deberá estar executado o 31/12/2028 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2029 O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.

-Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

46.36207.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS”. (EXPTE.2025077297)

Visto o informe do Servizo de Novas Tecnoloxías de data 3 de marzo de 2026 (CSV VMRWGMXCNH9NXPO2), que é do seguinte teor literal:

“Con data 27 de novembro de 2025 o deputado delegado con competencias en Novas Tecnoloxías e Contratación providenciou o inicio do expediente para a aprobación do convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto “Implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, solicitando ao Servizo de Novas Tecnoloxías a tramitación do expediente para a súa aprobación polo órgano competente.

Por acordo da Xunta de Goberno nº 4.35966, de data 16 de xaneiro de 2026, aprobouse o Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto “Implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos” (modificado posteriormente por acordo da Xunta de Goberno nº 3.36052, de 13 de febreiro de 2026).

Non obstante o anterior, advertido un erro material na redacción da cláusula décima do citado Convenio relativa á súa duración e prórroga, procede a súa rectificación conforme ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, proponendo a seguinte redacción:



“Este convenio terá unha vixencia de 4 anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo prorrogarse ata un máximo de 4 anos máis de conformidade co disposto no artigo 49 b) 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”

Tendo en conta que a rectificación proposta unicamente afecta ao prazo de duración do Convenio e non a aspectos económicos do mesmo, non se considera necesario someter novamente a informe de Intervención a citada rectificación xa que logo o resto do convenio non varía respecto ao aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 16 de xaneiro de 2026.”

Considerando que conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, tal é o caso.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Rectificar á redacción da cláusula décima do Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto “*Implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos*”, no seguinte sentido:

Onde di:

Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia con efectos desde a data 22 de febreiro de 2026 ata a finalización do contrato de subministro “implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos” con nº de expediente 2025064680, podendo prorrogarse ata un máximo de 5 anos de conformidade co disposto no artigo 49, letra b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Debe dicir:

Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

“Este convenio terá unha vixencia de 4 anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo prorrogarse ata un máximo de 4 anos máis de conformidade co disposto no artigo 49 b) 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”



47.36208.- COMUNICACIÓN

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLESINFRAESTRUTURAS

01. *Sentenza da Sección do Contencioso- Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 2 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 273/25, promovido por D^a. ESTRELLA MARÍA VICENTE FERNÁNDEZ, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vivenda no termo municipal de Tomiño. (Expte. nº 2025065990)*

Dada conta que con data 20 de febreiro de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección do Contencioso- Administrativo do Tribunal de Instancia Praza Núm. 2 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 273/25, promovido por D^a. ESTRELLA MARÍA VICENTE FERNÁNDEZ, contra a Resolución Presidencial de data 17/7/25, desestimatoria do recurso de reposición interposto fronte a resolución de data 23/5/25 que desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola demandante por danos causados na súa vivenda sita no número 33 de Vilar na E.P. 3102, producidos a consecuencia da instalación dun lombo fronte a dita vivenda sobre unha condución de desaugue, o que motivou que, co paso do vehículos pesados (camións e autobuses), comezasen a producirse gretas e fisuras na fachada, molduras interiores e pilares da casa no termo municipal de Tomiño, cuantificados na cantidade de 5.071,80 €) na que se desestima a demanda sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. Victor Prieto Cervera-Mercadillo.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

COOPERACIÓN

02. *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2^a, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 4200/25, dimanante do procedemento ordinario nº 360/23, promovido polo CONCELLO DE O ROSAL, sobre materia de subvencións. (Expte. nº 2025031685)*

Dada conta que con data 21 de xaneiro de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 4/26 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2^a (recaída no recurso de apelación núm. 158/25, promovido polo CONCELLO DE O ROSAL contra a sentenza nº 101/25 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 10 de abril de 2025, ditada no procedemento ordinario nº 360/23, contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 15/09/23, desestimatorio do recurso de reposición presentado fronte ao acordo do mesmo de data 23/06/23, polo que se aprobou a concesión de subvencións para a execución da Axenda 2030-Programa PON2030 que á súa vez desestimou a solicitude de subvención para a “Reurbanización das rúas Estradas Vella



e Santiago Ruiz na parroquia de San Miguel de Tabagón” cuantificada na cantidade de 550.397,75 €) na que desestima o recurso presentado polo demandante, con imposición de custas por importe de 1.000,00 €, ratificando a ditada en primeira instancia e cuxa defensa se lle encomendou á Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.

PRÍNCIPE FELIPE

03. *Sentenza da Sección de Menores do Tribunal de Instancia Praza Núm. 1 de Pontevedra, ditada no Expediente de Reforma núm. 217/25, seguido contra un menor, por feitos acaecidos no Centro Príncipe Felipe. (Expte. 2025055462)*

Dada conta que con data 4 de febreiro 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza da Sección de Menores do Tribunal de Instancia Praza Núm. 1 de Pontevedra (recaída no Expediente de Reforma número 217/25 seguido contra o menor M.R.M., pola comisión dun delito de atentado a funcionario docente, ocorrido o día 4 de xullo de 2025, no Centro Príncipe Felipe, na que se condena ó menor como autor responsable do delito descrito á medida de DOCE MESES DE INTERNAMENTO EN RÉXIME SEMIABERTO, dos que seis serán de internamento efectivo e seis en liberdade vixiada coa obrigaón de realizar un programa de prevención da violencia) exonerando á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra da responsabilidade civil solidaria.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

RECURSOS HUMANOS

04. *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 423/25, dimanante do procedemento abreviado nº 332/24, promovido por D. BRAIS PÉREZ REY, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2025052546)*

Dada conta que con data 22 de xaneiro de 2026, tivo entrada nesta Deputación sentenza nº 19/26 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 423/25, promovido polo ente provincial contra a sentenza ditada no procedemento abreviado nº 332/24 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, promovido por D. BRAIS PÉREZ REY fronte a resolución presidencial de data 27/08/24 sobre denegación ó acceso de determinada documentación solicitada polo recorrente no seno do expediente 2024053390) na que estima o recurso presentado pola Excm. Deputación Provincial, revocando a ditada en primeira instancia e cuxa defensa se lle encomendou á empresa *Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.



SENTENZAS DESEFAVORABLES

COOPERACIÓN

05. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario nº 381/23, promovido polo CONCELLO DE SOUTOMAIOR, sobre materia de subvencións. (Expte. 2024001715)

Dada conta que con data 7 de xaneiro de 2026 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento ordinario nº 381/23 promovido polo CONCELLO DE SOUTOMAIOR, contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 15/09/23, desestimatorio do recurso de reposición presentado fronte a resolución de data 23/06/23, que denegou a solicitude presentada pola administración demandante de concesión de subvención ao amparo do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 -Programa PON2030), na que se estima o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Soutomaior, anulando as resolucións recorridas en canto ao concreto extremo impugnado, condenando ó ente provincial a retrotraer o procedemento de outorgamento da subvención en cuestión, respecto do concello recorrente, declarando a procedencia de modificar a puntuación obtida no apartado 6.2,b) das bases, sobre contribución a unha economía descarbonizada, establecéndoa en 30 puntos, e outorgando a aquel, en definitiva, a subvención correspondente á nova puntuación obtida, incrementándoa co interese legal do diñeiro correspondente, a contar desde a data en que debeu ser recoñecida e transferida ao concello, con imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. Juan Carlos Abeigón Vidal.

Queda enterada a Xunta de Goberno do contido da mesma.

DECRETOS, AUTOS E PROVIDENCIAS FAVORABLES

INFRAESTRUTURAS

06. Auto da Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, Praza nº 3, ditado nos autos de Execución Definitiva nº 1/23, dimanante do procedemento abreviado nº 200/17, promovida por Dña. ISABEL MAQUIEIRA SOLLA, sobre derribo dun muro na E.P. Xeve-Amil-Espedregueira no Concello de Pontevedra. (Expte. nº 2023005055)

Dada conta que con data 28 de xaneiro de 2026, tivo entrada nesta Deputación Provincial auto nº 10/26 da Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, Praza nº 3 (recaído na Execución Definitiva núm. 1/23, promovida por Dña. ISABEL MAQUIEIRA SOLLA instando execución da sentenza nº 14/18 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 23 de xaneiro de 2018, ditada no procedemento abreviado nº 200/17, contra a inexecución do expediente sancionador 221/2000, incoado mediante Resolución Presidencial de data 18/07/2001, consistente nun derribo dun muro na E.P. Xeve-Amil-Espedregueira no Concello de Pontevedra) no que se ten por executada a sentenza de



data 23 de xaneiro de 2018 á que se fixo mención, logo das alegacións feitas por esta Asesoría Xurídica e dos informes evacuados polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con imposición de custas á demandante por importe de 300,00 €, e cuxa defensa se lle encomendou ó *Gabinete Jurídico Mardoc*.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

RECURSOS HUMANOS

07. Decreto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, tendo por desistido a Excm. Deputación Provincial no Recurso de Apelación nº 22/26, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2025071108)

Dada conta que con data 24 de febreiro de 2026, notifícase Decreto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (ditado no Recurso de Apelación nº 22/26, polo que se acordou ter por desistida á Excm. Deputación Provincial do recurso de apelación interposto contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 220/25 promovido pola CONFEDERACIÓN SINDICAL DE COMISIONES OBRERAS (CC.OO.), contra a Resolución Presidencial de data 2/5/25, desestimatoria do recurso de reposición presentado fronte á convocatoria do procedemento selectivo para cubrir unha praza de Técnico de Administración Xeral -A1- (quenda libre) da oferta de emprego público dos anos 2023 e 2024, publicada no BOPPO do 23 de xaneiro de 2025 e no BOE do 6 de marzo de 2025) e cuxa defensa se lle encomendou á empresa *Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.

48.36209.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

49.36210.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

